

## Traballadores das auxiliares de Endesa volven manifestarse

Os traballadores das empresas auxiliares que operan na central térmica das Pontes recuperaron o seu ritmo de protestas tal e como viñan anunciando. O obxectivo destas protestas é visibilizar os dous conflitos industriais que afectan á comarca e, no caso das Pontes, reivindicar unha certeza sobre o seu futuro que pedían que se discutise na Mesa de Transición. A empresa acordou manter os postos de traballo ata o 30 de xuño, prazo no que se esperaba que dese comezo o desmantelamento da instalación e a recolocación do persoal, pero agora o proceso vai ser máis lento, polo que requiren unha aclaración sobre a nova situación que deberán afrontar. **Pax. 6**

## Volven as actividades

Co relaxamento das medidas en aforos e horarios, o verán trae consigo un amplo abano de programacións culturais e de lecer para nenos e maiores



Co bo tempo e as medidas sanitarias máis relaxadas, os concellos e as asociacións comezaron a preparar actividades como campamentos de verán, campus deportivos e mesmo as fogueiras de San Xoán. O obxectivo é poder ter un verán o máis normalizado posible no que a veciñanza poida desfrutar da vida cultural ademais de poder conciliar a vida laboral coa época estival pero sempre tendo en conta os protocolos e recomendacións covid-19. A Romaxe Artesá da Chaira foi a primeira en apostar por recuperar a actividade, e o éxito acadado trouxo xa novas convocatorias.

**friol.** Firman o convenio para dotar de saneamento o núcleo de Roimil. **Pax. 10**

**meira.** Licitadas as obras dunha ETAP no depósito de Grañanova. **Pax. 12**

**Riotorto.** Oitavo concello galego co Plan Básico Municipal. **Pax. 13**

**guitiriz.** Pactan con ADIF aparcas o plan para Parga se non hai aprobación. **Pax. 18**

**xermade.** Nova edición en Cabreiros das Xornadas Interxeracionais Rurais. **Pax. 22**

**abadín.** Curso pioneiro en formación con realidade virtual. **Pax. 24**

**deportes.** Os clubs programan xornadas de portas abertas. **Pax. 29**

## Vilalba estrea a Feira do Libro



Será a primeira convocatoria literaria da vila. **Pax. 2**

## Convocado o premio cospeités



Nova edición do certame Torre de Caldaloba. **Pax. 14**

## Falamos con Pastora Veres



A guitiricense é autora do libro *Lareira de Soños*. **Pax. 19**

## ‘Coñece a túa provincia’, co programa da Deputación

O programa Coñece a túa provincia é unha nova medida que lanza a Deputación para estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalería e o comercio local

fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños. O prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo. **Pax. 26**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

**VILALBA**  
C/Plácido Peña 9  
Tel. 982 510 100  
604 03 20 92  
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

**AS PONTES**  
Av. de Galicia 91  
Tel. 981 45 15 04  
604 02 21 80  
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

novaluxoptica.com

**AGORA, O SEGUNDO AUDÍFONO Ó 50% DE DESCONTO.**

E-27000351

\* Promoción válida ata o 30 de Xuño

## NOVAS

vilalba

## Vilalba estreará a fin de semana Feira do Libro

Vilalba terá a súa primeira Feira do Libro os días 11 e 12 de xuño, en formato reducido e adaptada á situación sanitaria. Participarán na mesma as librerías locais Andel, Pergamino, Paperix e Carlín, así como Trama de Lugo, especializados en literatura infantil, xuvenil e novela negra, que farán un desconto do 5%. Ademais, o Instituto de Estudos Chairegos, promulgadores de distintas obras publicadas por autores e autoras da comarca, tamén terán un posto dentro da feira.

Nesta mesma aposta por poñer en valor o local, sucederanse unha serie de sinaturas de libros distribuídas nos dous días de feira, a meirande parte de autores e autoras vilalbesas, como a historiadora e xestora cultural Miriam Fernández, da Asociación de Mulleres de Insua, a filóloga e escritora Cecilia F. Santomé, a tradutora Antía Veres, ou o ilustrador Eduardo Baamonde. Tamén estarán presentes Xosé Miguel Barrera, XLV Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba, e Antía Yáñez, III Premio Agustín Fernández Paz de narrativa Infantil e Xuvenil pola igualdade, organizado polo IESCHA, o Concello de Vilalba e a editorial Xerais.

A música e a normalización lingüística da primeira infancia tamén acompañará esta cita literaria. O venres 11 de xuño terá lugar a "Festa das primeiras letras", unha proposta que se enmarca dentro da Feira do Libro para promover a socialización en galego de nenas e nenos de 0 a 6 anos. Así, haberá un obradoiro de arrollos da man de Mamá Cabra, narración oral con Bi-



chocas, de Xarope tulú, e un espectáculo musical nomeado Catuxo, de Magín blanco.

No que atinxe ao sábado 12 de xuño, haberá obradoiros para pequenos/as cada media hora no posto habilitado na propia praza, de 11 a 14h e de 17 a 20h. A asociación cultural Entre Lusco e Fusco ambientará a feira con música tradicional a partir das 12 horas, e unha pequena representación da Banda de Música de Vilalba realizará un concerto ás 13 horas.

O alumnado da Biblioteca Agustín Fernández Paz, do Instituto de secundaria Santiago Basanta Silva de Vilalba fará unha lectura de textos na tarde do 12 de xuño, e finalizarase a feira cun sorteo de dous lotes de libros infantís e xuvenís e outros dous xenéricos entre todas as persoas que adquiran libros ao longo destes dous días, poñendo o colofón final co concerto musical de Migallas, "merenda con pan de millo".

## Comeza a funcionar o comedor da Escola de Educación Infantil

O comedor da Escola de Educación Infantil de Vilalba entrou xa en funcionamento. O Concello asume a xestión do mesmo para facelo operativo antes do remate do curso.

O Concello anunciou en 2020 a súa decisión de asumir a xestión do comedor, pero ata o de agora non puido facerse efectiva polo proceso administrativo, pendente a sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia. O goberno municipal encargou a unha dietista a elaboración dunha proposta de menú para nenos e nenas de tres a seis anos. O incremento da demanda de prazas para o próximo curso escolar reflicte a importancia do novo servizo para as familias.

A Xunta de Galicia financiará 2,50 euros de cada menú, correspon-



Comedor da Escola de Educación Infantil de Vilalba

déndolle o resto ao concello. Os prezos variarán entre a gratuidade e os 4,50 euros, en función da renda familiar.

A proposta de acordo para o establecemento do prezo público recolle exactamente as mesmas escalas

de renda e prezos que aplica a Xunta en todos os comedores escolares que xestiona, de xeito que os usuarios do comedor da Escola de Educación Infantil pagarán o mesmo prezo que nos comedores de calquera outro centro escolar.

## O auditorio acolle o sábado a proxección do filme Nación

O Iescha, en colaboración co Concello, ten programado para o sábado 12 de xuño, no Auditorio Municipal, a proxección da película *Nación*, da directora chairega Margarita Ledo Andión. O acto dará comezo ás 19:00 horas coa presentación da película por parte da propia directora para proseguir a continuación coa proxección da mesma.

A entrada será de balde, pero por motivos de control de aforo haberá que realizar a correspondente reserva na web do Concello ou directamente na casa da cultura.

## O barrio de San Xoán celebrará as festas con teatro e concertos

A Asociación Cultural de Veciños do Campo de San Xoán recupera este ano as festas patronais. A celebración dará comezo o propio mércores 23 coa realización dun mural durante o día, que estará a cargo da artista Anita Roca. Pola tarde, ás 18.00 horas haberá teatro de títeres a cargo de Trécola para continuar cunha representación teatral curta a cargo da Escola de Teatro.

A celebración continuará o día 3 de xullo cunha actividade de rap na praza a cargo de Crzy, Fouce, Sile,

Snxr, Poci e Kryme, e Salva fará un graffiti durante o concerto. Pola noite toca concerto de pop-rock a cargo de Nuevo Plan, que tocará música dos 80 a partir das 22.30.

Para asistir ás actividades será necesaria a recollida de tickets no Mesón do Campo ou en Embutidos San Juan. A organización lembra que se seguirán todas as medidas anti covid recomendadas.

Así mesmo, a comisión invita aos veciños a engalanar os balcóns, fachadas e escaparates con flores.

### EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

MOTOSIERRAS Y  
DESBRIZADORAS DUCATI

**DUCATI**



GORTACÉSPED CUB CADET DESCUENTOS ESPECIALES...

**Cub Cadet**



...desde un 70%  
en rodamientos  
populares

...y desde  
un 60%  
en correas  
industriales



**RYS  
SESACAR**

**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

# O Concello adxudica obras en rúas e a renovación de dous parques

O Concello de Vilalba adxudicou catro obras, que implican a posta en marcha do novo parque da praza da Constitución, a renovación do alumbeado en seis rúas do casco urbano e a mellora de dous viais en Oleiros e Uceira.

Un dos proxectos servirá para a creación dun novo espazo de xogos infantís e biosaudables para humanizar os parterres existentes na parte oeste da praza da Constitución.

Para a posta en marcha deste novo espazo de lecer, propónse o acondicionamento da explanada actual, colocando un pavimento amortiguador de seguridade e un novo céspede artificial. Haberá unha zona de escalada, unha pista multideporte e un samborí. Ademais, colocaranse aparatos biosaudables, cuxos modelos escollidos permiten mellorar a condición física. As obras adxudicáronse por 48.272,95 euros.

En Oleiros, haberá traballos para renovar con aglomerado en quente e sinalizar a vía de titularidade

municipal 065-010, entre a estrada provincial LU-P-6510 e o límite municipal con Cospeito. O orzamento é de 48.337,36 euros.

O concello adxudicou ademais por 45.980 euros a renovación do firme no vial municipal que atravesa en dirección norte as parroquias de Sancobade e Goiriz, incluído o barrio de A Uceira, dende a estrada LU-120. Esta vía é o percorrido natural da veciñanza destes núcleos de poboación

Por último, adxudicáronse por 109.317,78 euros as obras para o proxecto de eficiencia enerxética e renovación do alumbeado público con tecnoloxía LED en seis rúas do casco urbano. En concreto, a actuación será nas rúas Campo de Puente, Muras, Foz, nos arredores da estación de autobuses, Campo Redondo, Corvite, unha parte da travesía Terra Chá e a rotonda do polígono.

Os traballos suporán a renovación de 203 puntos de luz e, grazas á tecnoloxía LED, o aforro enerxético será do

80%, rebaixando ademais de forma considerable a contaminación lumínica e as emisións de CO2.

**ALAMEDA BASANTA OLANO.** O grupo de goberno do Concello de Vilalba anuncia que xa ten listo desde febreiro un proxecto para a renovación integral do parque infantil da Alameda de Basanta Olano.

Con esta actuación, o concello renovará o citado parque e complementará o parque infantil existente na Praza da Constitución, rematando así a creación dun gran espazo de lecer na principal praza de Vilalba, con xogos infantís adaptados a todas as idades axeitadamente conservados e certificados para o seu uso con total seguridade.

As actuacións que pretenden levarse a cabo consistirán na renovación do pavimento amortiguador de seguridade, a colocación dun sumidoiro que recolla as augas pluviais da praza e elimine os problemas de humidade, a retirada dos xogos existentes e



Arriba, a praza da Constitución e, abaixo, a alcaldesa nas Pedreiras

a colocación de novos xogos e aparatos homologados. Tamén se colocarán mamparas de policarbonato na parte norte e oeste do parque, co obxectivo de evitar as caídas a distinto nivel e cumprir coa normativa. “É un proxecto de máis de 30.000

euros a disposición dos grupos da oposición ou de calquera veciño que quiera consultalo, só estamos pendentes da solicitude dunha subvención que realizamos para esta actuación antes de comezar as obras”, engade Fernández.

# Avanzan a bo ritmo as obras de humanización da zona das Pedreiras

A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e o concelleiro de Infraestruturas, Luis Fernández, visitaron as obras de humanización da intersección das rúas Pedreiras, Porta da Cima e Pita da Veiga. Os traballos avanzan a moi bo ritmo.

Trátase dunha área que comunica o casco histórico coa parte máis nova de Vilalba, polo que o concello quixo humanizar a intersección, cun maior protagonismo para as persoas e menos tráfico rodado.

Coa actuación, cun orzamento de

166.830 euros, limitarase o tránsito e o aparcadoiro de vehículos. A zona será de plataforma única e concello instalará ademais dúas pérgolas, árbores e mobiliario urbano (bancos, papeleiras e farolas).

“Será un espazo que semellará máis unha praza que unha rúa, onde terán prioridade os peóns e os vehículos só poderán circular a baixa velocidade, sen posibilidade de estacionamento”, explica a alcaldesa, Elba Veleiro.

“Desde o concello demandamos á

Xunta que interveña en dúas vivendas propiedade do IGVS nesta zona, que están en moi mal estado”, apunta Luis Fernández.

Ademais destas obras, o Concello de Vilalba acometerá nos próximos meses a renovación da rede dos servizos básicos da rúa das Pedreiras, unha actuación integral que servirá para mellorar a vida dos veciños e veciñas. En concreto, estas obras serán no tramo oeste da rúa, onde o concello fará unha nova rede de abastecemento.

# Santaballa e Rioaveso contarán con novas luminarias LED

O grupo de goberno do Concello de Vilalba renovará con tecnoloxía LED o alumbeado nas parroquias de Santaballa e San Xurxo de Rioaveso. En concreto, trátase da modificación dun proxecto para o que o concello está a piques de acadar unha nova subvención do Instituto para a Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. O orzamento total dos traballos é de 225.000 euros, dos que

o concello só tería que aportar 40.000 euros.

A actuación servirá para a renovación de 201 luminarias en Santaballa e Rioaveso, ademais da instalación de novos cadros de luz, cableado e a substitución de conductores aéreos e subterráneos. “É o primeiro proxecto subvencionado polo IDAE que temos para as parroquias, unha actuación moi importante para Vilalba”, afirma Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas de Vilalba.

## ELECTRICIDAD



**MONCHO SANTOME**

TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ

EI 97% DE LAS PERSONAS QUE NOS TRAE SU FACTURA DE LA LUZ

CONSIGUE AHORRAR

- Instalaciones eléctricas en general
- Líneas de media y baja tensión
- Antena TV
- Instalación voz y datos
- Instalaciones de energía solar
- Tienda de material eléctrico
- Lámparas

Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba

monchoysantome@yahoo.es

www.monchoysantome.com

## ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m<sup>2</sup>



### Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgueirasinversiones.com

# O PP urxe a firma dun convenio de colaboración cos empresarios

O Partido Popular de Vilalba urxe ao goberno local a asinar o convenio de colaboración coa asociación de empresarios para a dinamización do comercio, tal e como fora acordado no pleno de xullo do ano pasado a iniciativa do Grupo Municipal do PP. Así o manifestan os populares tras manter unha reunión coa representante do comercio na Asociación de Empresarios Sete Pontes, Antía Naveiras, dando inicio ás reunións anunciadas pola xestora do PP local entre os dos grupos de traballo e os representantes dos distintos sectores e colectivos do municipio. Á xuntanza asistiron a presidenta da xestora e concelleira, Sandra Vázquez; o

voceiro do Grupo Municipal Popular, Agustín Baamonde; e o concelleiro Amador Guerra; xunto ao empresario e membro da xestora José Manuel Seoane "Carboeira".

Os populares quixeron coñecer de primeira man as inquedanzas do sector comercial vilalbés no contexto actual profundamente marcado pola crise derivada da pandemia da covid-19.

"Fronte á implicación do Goberno galego cun sector económico de relevancia no noso municipio, temos que lamentar a tardanza do goberno local para dar resposta aos temas nos que se ten interesado o colectivo empresarial", sinalou Sandra

Vázquez en referencia á paralización da sinatura do convenio de colaboración.

A proposta do PP recollía, ante as consecuencias da crise da covid-19 no tecido produtivo municipal, a sinatura dun convenio de colaboración plurianual e o compromiso para a realización de actividades de dinamización e fomento do pequeno comercio e da hostalería local, promoción turística, talleres de formación, apoio á transformación dixital e a outras actividades esenciais para a asociación. Así mesmo, os populares propuxeran unha achega de 100.000 euros anuais, pero este punto fora rexeitado polo equipo de goberno.



Reunión dos líderes populares con representantes do empresariado

**TERRAZAS.** O Partido Popular de Vilalba considera "urxente" elaborar unha nova ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostalería adaptando a ordenanza da que xa dispón o Concello ás novas esixencias derivadas da situación creada pola pandemia da covid-19 co obxectivo de "ofrecer un marco

legal que ampare esta ocupación da vía pública". Tendo en conta que se potenciou o uso de espazos exteriores na hostalería, a reunión da Comisión de Urbanismo celebrada en xuño do 2020 xa manifestara o compromiso de elaboración dunha regulación específica; pero, "de momento, está pendente de realizar".

## Os populares critican a falta de explicacións sobre o contrato da limpeza

O Grupo Municipal do Partido Popular de Vilalba critica "a nefasta xestión do goberno local sobre a situación do contrato de limpeza dos centros escolares" á que agora se une "a negativa, de facto, da alcaldesa a comparecer en pleno sobre este asunto".

Os populares explican que "o goberno local prorrogou o contrato da limpeza destes centros á empresa adjudicataria a pesar de ser coñecedores da súa situación de inestabilidade económica". E "a súa desidia deixa ás traballadoras da limpeza nunha situación excepcional" porque "ou deixan de traballar e, polo tanto, perderían os seus dereitos laborais ou seguen traballando, pero sen cobrar o seu salario".

## O PSOE demanda compromiso económico para o centro de día

A Secretaria Provincial do PSdeG-PSOE, Patricia Otero denunciou que "o PP nunca apoiou a creación dun Centro de Día en Vilalba".

Dixo que esta actitude do PP "amosa unha vez máis o abandono dos servizos públicos por parte do PP de Núñez Feijóo e de Elena Candia, xa que non reclama as dotacións públicas que precisa e demanda esta provincia. Nestes 12 anos de Gobernos do PP en Galicia creáronse cero prazas en residencias públicas de maiores na provincia, e comprobamos ademais como tampouco están apoiando a creación de novos Centros de Día ou as escolas infantís tan necesarias no rural". Otero tamén se fixo eco dos anuncios constantes do PP en relación aos fondos Next Generación. "A Xunta está ofrecendo estes fondos

repartidos en 354 proxectos cun orzamento que conta con millóns de euros", dos cales a nosa Comunidade non é a única destinataria. A deputada dixo que o PP "abandona todos os proxectos relacionados coa política social, da que non hai que esquecer é competencia do Goberno de Feijóo por moito que queira endosala a outras administracións, aquí non pode trasladalas ao Goberno Central".

Pola súa banda a alcaldesa lembrou que "para o PSdeG a creación dun Centro de Día na vila sempre foi unha prioridade, xa que pola falla desta dotación asistencial tan importante, as familias e os usuarios teñen que desprazarse a outros concellos para poder utilizar deste servizo moi necesario para conciliar a vida laboral e familiar".

## Vilalba Aberta pide solucións pola turbidez da auga da traída

Vilalba Aberta volve saír ao paso respecto da problemática da traída municipal. Un asunto, que dende a formación municipalista cualifican de "estrutural" e que, tal e como denunciou o seu voceiro municipal, Modesto Renda, "de novo está a obrigar á veciñanza da Avenida Terra Chá, da Rúa do Muiño ou de Plácido Peña, entre outras, a acudir ao supermercado, en tanto que a auga sae completamente turbia." É por isto que, ademais da lóxica crítica política, Renda anunciou que esixirá, na súa condición de membro da corporación, a remisión das analíticas do mes de maio ao completo, así como un informe dos sistemas de filtrado e potabilización.

"O ciclo da auga en Vilalba non é acorde ás necesidades da veciñanza e ás pésimas condicións do abastecemento, súmanse ao mal funcionamento da depuradora, namentres o equipo de goberno segue sen ofrecer solucións do mesmo xeito que acontecía cos gobernos do Partido Popular en pasadas lexislaturas", remarcou.

Na mesma liña, o edil quixo facer patente a súa indignación: "Non se pode consentir que veciños de Vilalba se vexan na necesidade de elixir entre comprar garrafas para cociñar e lavarse, ou facelo na mesma auga turbia que, iso si, lles cobrarán igualmente a prezo de auga limpa".

# 80%

NO TEU PAQUETE DE FIBRA

DITO SÓ ATÉ O 30/06

Fibra 1.000 Mb

Móbil 23 GB

Chamadas ilimitadas

DURANTE 4 MESES

8€

Despois 44€/mes

Chama gratis al

900 651 679

www.adamo.es

# Vilalba contará este verán con Vilaescolas

O Concello de Vilalba presentou as Vilaescolas de Verán 2021, unha iniciativa para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante o periodo estival tendo en contra todos os protocolos e recomendacións covid-19.

As escolas máis novidosas serán de parkour, breakdance, obradoiro de primeiros auxilios, manexo de drons, escalada e rutas BTT, que se unirán a outras máis asentadas como ioga, patinaxe, pilates, loita, kaiak ou tenis. As actividades están establecidas como sempre, por idades e quendas, "e o que varían son os lugares de impartir as clases, pasando do pavillón que utilizamos no inverno ao río, a esplanada da piscina ou na propia praza da Constitución", apuntou a concelleira. A día de hoxe, o número total de nenos e nenas que poderán participar son 503 (serían 587 sen restricións).

Haberá tamén actividades nas parroquias, facendo agrupación das mesmas para que sexa operativo, en Moreda, Santaballa, Insua, Oleiros e Árbol, cun número de alumnos en total en cada unha das sesións de dez persoas (dous días a semana unha hora cada día). Ademais das escolas extensivas, que



durarán todo o verán (dende o día 22 de xuño ao 8 de setembro), haberá actividades puntuais como as rutas BTT e os primeiros auxilios, ou intensivas dunha semana (escalada e obradoiros de drons).

A inscrición das extensivas será dende ata o día 15 xuño e nas puntuais ata 7 días antes do seu comezo.

Este ano haberá tamén os tradicionais campamentos do concello, dos que se darán todos os datos nuns días, para nenos e nenas nados entre os anos 2009 e 2016 e con dúas quendas (do 12 ao 30 de xullo e do 2 ao 20 agosto).

# Cecilia F. Santomé, terceiro premio no Manuel Murguía

A escritora vilalbesa Cecilia F. Santomé obtivo co seu relato *As orfas daquel verán*, o terceiro premio no Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. Na mesma cerimonia, distinguiuse tamén de entre os setenta relatos admitidos a concurso a Gabriel Gómez, segundo premio por *A caverna de Lara*, e a Arantza Portabales, primeiro por *Xanelas*.

O xurado, constituído por Álex Mene Pazos, terceiro premio na anterior edición, Beatriz Maceda Abeleira, escritora representante da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, Inma Otero Varela, crítica representante da Asociación Galega da Crítica, e Alfredo Ferreiro Salgueiro, director literario do Certame, que asistiu en calidade de secretario, con voz e sen voto, destacou a representación que Fernández Santomé fai no seu relato da Galicia dos anos 80, así como da vida emigrante daquel tempo. Tamén gabou a súa aposta polas voces femininas e a incorporación ao texto de referencias literarias contemporáneas.

A entrega dos premios, convocados pola Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo e que este ano



Cecilia Santomé

celebraban o seu trinta aniversario, tivo lugar o venres, 14 de maio, no Centro Cívico Cultural da vila coruñesa. Xurxo Souto foi o mantedor do acto, no que se homenaxeou ademais a distintos persoeiros locais vinculados coa historia do certame e a vida cultural de Arteixo. Antes, inaugurouse o Paseo das Letras, que lembrará os nomes dos gañadores en cada convocatoria, e plantouse unha árbore.

O Certame de Narracións Breves Manuel Murguía é un dos recoñecementos senlleiros do sistema literario galego. No seu palmarés, figuran nomes como Teresa Moure, Juan Tallón, Antón Riveiro Coello, Inma López Silva ou Samuel Solleiro.

# Xa hai gañadores do concurso de Microrrelatos

O xurado vén de emitir o fallo do Concurso de Microrrelatos Día do Libro 2021, organizado polo Concello de Vilalba en colaboración con Culturalia GZ. Na categoría Infantil a vencedora foi Mencía Naz Martín con *Onde estou* (de Vigo). No segundo lugar quedou a vilalbesa Paula Pérez Cendán con *Océano*. O xurado deixou deserto o terceiro.

En categoría xuvenil o primeiro premio foi para Abril Viqueira Pose, con *Vía de escape* (de Ordes), á que seguiron Lucía Martínez Lago e *Normal* (de Vigo) e Mariña Maceiras Segovia, con *Xurista* (de Pontevedra).

Tamén se estableceu unha categoría para adultos, na que o gañador foi Jose Ángel Corral Suárez, coa peza *Crescendo* (veciño de Bertamiráns). En segundo lugar quedou José Manuel Souto Lema e *Uns polos outros* (de Coristanco) e pechou o podio Patricia Torrado Queiruga e *En carne viva* (veciña de Porto do Son).

O xurado estivo composto por Mercedes Queixas, profesora e escritora; Ánxela Gracián, tradutora e escritora, e Armando Requeixo, escritor, profesor e crítico literario.

En canto aos microrrelatos premiados e finalistas, o xurado quixo destacar a alta calidade dos traballos na categoría de persoas adultas.

### CICLOS SUPERIORES

- Administración e Finanzas
- Administración de Sistemas Informáticos en Rede

### EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Educación Secundaria para Adultos (E.S.A.)
- Bacharelato semipresencial

### CICLOS MEDIOS

- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Electromecánica de Vehículos Automóbiles
- Instalacións Eléctricas e Automáticas

### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos

### CASTELÁN E GALEGO PARA INMIGRANTES

### CUALÉ

- Formación complementaria en linguas estranxeiras: Nivel B1 de inglés

Rúa Cuart de Poblet, s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 870 860 / Fax.: 982 870 868  
E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.es  
Web: www.iespenanovo.com  
Facebook: iesloispenanovo  
<https://www.edu.xunta.es/fp/#FPGalicia>

## A vila, referencia en almacenamento e xeración enerxética

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, durante o foro empresarial Invest in Cities, iniciativa posta en marcha polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para promover a inversión, apoiar o desenvolvemento económico e ofrecer solucións de financiamento e dixitalización nos territorios, puxo de manifesto as capacidades do municipio para o investimento. Así, o rexedor sinalou que “As Pontes é un exemplo de reinvención, pasando dun modelo agrícola a un modelo absolutamente industrial nos anos 70 e hoxe a un modelo diversificado. É un enclave basicamente enerxético, cunha gran capacidade de almacenamento de auga, vencellado ao sector forestal, conectado por autovía á meseta

e próximo ao porto exterior de Ferrol, ademais formamos parte do proceso de descarbonización o que permitirá dispoñer dos fondos europeos para a transición enerxética, condicións que converte a As Pontes nun lugar atractivo para o asentamento de proxectos industriais”. “Estamos nun proceso de reinvención no ámbito enerxético, e As Pontes será o punto de referencia de almacenaxe e xeración enerxética con diversas tecnoloxías, esperando que os proxectos que están sobre a mesa se materialicen” concluíu.. Este foro forma parte da iniciativa de atracción de investimento Invest in Cities, cuxa directora puxo en valor o potencial do municipio.

### As Pontes estrea unha nova canle de whatsapp

O Concello de As Pontes habilitou un servizo de información municipal vía WhatsApp. Así, a veciñanza disporá dunha nova canle de comunicación que lles permitirá estar informados de todo o que ocorre a través do seu móbil e de xeito instantáneo. Os interesados en recibir nos seus teléfonos todo o que sucede nas Pontes, de forma instantánea, deben enviar a palabra ALTA ao número 617 701 200 e, a partir dese momento, comezarán a recibir as novas. A través deste servizo o Concello comunicará tanto información de servizo, como diferentes novas da xestión municipal e tamén datas de eventos deportivos, culturais, etc ou información sobre as actividades promovidas desde as asociacións culturais, deportivas, sociais ou veciñais.

## Inician a redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible

O Concello das Pontes iniciou a redacción do seu plan de mobilidade sostible co obxectivo de potenciar o transporte sostible e promover os desprazamentos eficiente. A elaboración deste plan responde á necesidade de recuperar o espazo público para as persoas, tanto para desprazarse como para ser lugar de encontro e permite ao Concello continuar coa posta en marcha de actuacións de planificación da mobilidade da contorna urbana e rural dun xeito social e ambientalmente xusto e sostible, acorde coa axenda 2030 de Nacións Unidas e cos compromisos acadados a través do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía. (PACES) O Plan comezará cunha fase ini-

## Traballadores das auxiliares de Endesa volven manifestarse

Os traballadores das empresas auxiliares que operan na central térmica das Pontes recuperaron o seu ritmo de protestas tal e como viñan anunciando e cortaron a AG-64, unha medida que coincidiu no tempo con outra mobilización encabezada polos empregados de Navantia. O obxectivo destas protestas é visibilizar os dous conflitos industriais que afectan á comarca e, no caso das Pontes, reivindicar unha certeza sobre o seu futuro que pedían que se discutise na Mesa de Transición. As auxiliares tiñan acordado coa empresa manter os seus postos de traballo ata o 30 de xuño, prazo no que se esperaba que dese comezo o desmantelamento da instalación e a recolocación do persoal, pero cun novo cambio, agora o proceso vai ser máis lento, polo que requiren unha aclaración sobre a nova situación



Concentración de traballadores das auxiliares ante Endesa

que deberán afrontar. O pasado 2 de xuño tivo lugar unha reunión da mesa e as organizacións sindicais cualificaron de “desastrosa” a reunión da Mesa de Transición Xusta das Pontes, xa que, segundo aseguran, “non se acadaron garantías para o mantemento de emprego na industria auxiliar e a paralización

dos traslados da empresa principal máis alá do 30 de xuño, data na que remata o compromiso logrado anteriormente grazas ás continuas mobilizacións do persoal. Un compromiso que agora está en cuestión ante os novos prazos da tramitación administrativa do expediente de peche da central térmica”.



Reunión dos responsables do Plan de Mobilidade Urbana Sostible


cial de toma de datos e análise da situación actual, fase tras a cal procederase á diagnose dos problemas concretos das Pontes en canto á mobilidade e uso do espa-

zo público. O Concello e o equipo redactor habilitaron unha consulta dixital online sobre mobilidade, de carácter anónimo e que se poderá cubrir durante un mes.

### Novo membro da Rede de Patrimonio Industrial

O Concello das Pontes forma parte da Rede Europea de Patrimonio Industrial ERIH, asociación que agrupa 1.600 enclaves de interese patrimonial de 47 países europeos e que, entre os seus obxectivos, atópase promover o turismo potenciando a dimensión europea do patrimonio industrial e os vínculos internacionais que este xenera. Elena López, concelleira de Turismo apunta que “esta rede enlaza e articula os principais recursos turísticos relacionados co pasado industrial de Europa e a incorporación das Pontes, permitirá amosar, dunha forma máis completa, o que somos a partir do que fomos, servindo para dar a coñecer as edificacións industriais, testemuñas do desenvolvemento económico e social das Pontes”.

Carne Ecológica con Certificación Craega



LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO **DiA** EN RÁBADE  
Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355

## As Pontes licita as obras de mellora do camiño de Couce Seco

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes aprobou, a semana pasada, o expediente de licitación das obras de mellora do camiño municipal de Couce Seco, na parroquia do Freixo.

As obras, cun orzamento de 66.808,94 euros con cargo aos fondos Agader, permitirán a rehabilitación deste camiño pra dotalo dunha óptima calidade, tanto superficial como estrutural, aumentando a súa seguridade.

Entre os traballos que se levarán a cabo destacan o varrido de superficie e limpeza de marxes así como a limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invade o vial.

O firme do camiño mellorarase mediante a reparación das fochancas



O camiño de Couce Seco

existentes e a execución dun rego semiprofundo con grava e dobre tratamento superficial con grava, con idénticas características ao actual.

As obras de mellora dos camiños

municipais parroquias permiten ao goberno local continuar co proxecto de mellora das infraestruturas no ámbito rural co obxectivo de favorecer a calidade de vida da veciñanza

## Recuperan parcelas para a ampliación de solo industrial

O Concello das Pontes inicia a tramitación para a aprobación inicial, por parte do pleno municipal, da modificación de cualificación urbanística das parcelas destinadas a equipamentos públicos do Parque Empresarial de Penapurreira e do Parque Empresarial de Os Airios.

O Concello propón esta modificación como medida de fomento da competitividade, modificando os usos actuais das parcelas reservadas a equipamento dentro das áreas empresariais cara a usos industriais.

O Concello xustifica a non necesidade dos chans de equipamentos

públicos existentes, tanto no Parque empresarial de Penapurreira como no Parque empresarial dos Airios, e propón a reconversión a chan industrial, o que dotará ao municipio de oito novas parcelas habilitadas para o asentamento de industrias, que supoñen un total de 40.201 metros cadrados repartidos entre ambos polígonos.

“Esta modificación permitiranos dispoñer de chan adaptado para novos asentamentos industriais, fomentando a competitividade do Polígono de Penapurreira e Os Airios que teñen cuberta a súa capacidade” di a concelleira Ana Pena.

## Abre o prazo de inscrición nos campamentos urbanos

O Concellos das Pontes abre o prazo de inscrición nos Campamentos Urbanos de Verán 2021 que se desenvolverán nos meses de xullo e agosto e que teñen como obxectivo facilitar e promover a conciliación laboral e familiar durante o período estival.

Estes campamentos levaranse a cabo no CEIP A Magdalena e inclúen actividades educativas, de lecer e deportivas. A rapazada destinataria destes obradoiros é aquela nada entre 2009 e 2017 cuxos proxenitores estean empadroados no municipio. Ofértanse un total de 45 prazas, precisándose un mínimo de 10 inscricións.

Existen dúas opcións horarias para o aproveitamento destes obra-

doiros. Por unha banda, de 8:00 a 14:30 horas contarase con almorzo saudable e servizo de transporte. Pola outra, tamén existe a opción de 10:00 a 14:30 horas sen desfrutar destes dous servizos.

A documentación, xunto co modelo de solicitude pode presentarse ata o 16 de xuño, incluído a través do Rexistro Municipal de 8.30 a 13.30 horas, con cita previa nos teléfonos 667129388/667129389 ou tamén a través da sede electrónica. A documentación requirida para poder anotarse é o Libro de Familia, a fotocopia de DNI das solicitantes e menores, o certificado de empadramento ou a autorización para poder comprobar eses datos e a Declaración da Renda do 2019.

## O Poboado da Magdalena inicia a renovación dos aparcadoiros

O Concello das Pontes remata estes días os traballos de renovación de dúas zonas de aparcadoiro sitas no poboado da Magdalena co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, accesibilidade e comodidade da veciñanza. As obras teñen un orzamento de 27.690 euros, financiados con fondos propios.

Os espazos que se someteron a estas melloras son o aparcadoiro que limita coa rúa Mañón e localizado ao carón da rúa Fene. En ambos lugares procedeuse á renovación da capa de rodadura mediante a achega dun rego termo-adherente e aglomerado asfáltico en quente. Entre os traballos tamén se incluiu a posta a



Aparcadoiros do Poboado da Magdalena a piques de rematar

nivel das arquetas existentes e o pintado das zonas de estaciona-

mento e a renovación da sinalización horizontal.



**ACTUALIDAD**

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

**AUMENTA TU PENSIÓN**

Reclama el complemento de paternidad

**1ª CONSULTA GRATUITA**

Llámanos: **982 228 606**

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.

982 228 606

veiguelabogados

veiguela abogados

# O lago das Pontes vístese de azul

Recibe por primeira vez a bandeira azul, que recoñece a calidade das súas augas así como o proxecto de desenvolvemento realizado

A praia do Lago das Pontes contará por primeira vez, desde a súa inauguración no ano 2012, cunha bandeira azul, galardón que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac) e que recoñece a calidade ambiental do areal pontés.

Este recoñecemento vén a significar un respaldo ao traballo realizado polo Goberno local por impulsar esta contorna.

Elena López, concelleira de Turismo, amosa a súa satisfacción pola obtención deste recoñecemento, que “nos sitúa no mapa internacional do turismo, marca un punto de inflexión para o noso municipio e implica converter a praia do lago das Pontes, a primeira praia interior da provincia da Coruña e a segunda de Galicia en recibir este galardón, nun símbolo de eco-calidade turística recoñecido en máis de sesenta países de todos os continentes”

“Este galardón compromete ao Concello das Pontes a manter uns estándares de calidade baseados nun estrito criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade que supoñen unha garantía para



toda a veciñanza e para as persoas visitantes que se achegan ata a praia do lago” engade a concelleira de Turismo.

Para acadar estar bandeira azul o Concello das Pontes tras amosar o seu interese nesta acreditación e recibir a visita unha inspectora da Aso-

ciación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac), quen subliñou as posibilidades do areal pontés para recibir este recoñecemento, a concellería de Turismo presentou, no mes de novembro de 2020 a candidatura oficial acompañada dun dossier xustificativo da súa proposta así como

unha completa memoria de actividades e información sobre a praia do lago.

Elena López, avanzou que “a partir deste concesión, a praia do lago de As Pontes deberá someterse a un esixente protocolo de seguimento e avaliación. Desde o Concello das

Pontes levaremos a cabo todas as actuacións necesaria para cumprir con todos os requisitos que esixe a Adeac para manter este distintivo que avala a importancia de potenciar o noso lago como recurso turístico e os valores medio ambientais do noso municipio”.

## “O lago é a porta de entrada á vila e á comarca do Eume”

Elena López, concelleira de Turismo no Concello das Pontes

Fai tres anos, Endesa cedeu os terreos que necesitaba o Concello para comezar un completo proxecto de desenvolvemento da contorna do lago das Pontes. Aínda que a praia levaba sendo utilizada dende hai máis tempo, as dotacións tardaron algo en chegar porque era necesario esperar a ese cambio de titularidade. Agora é cando realmente estase a notar un gran cambio no lugar, con novas dotacións e infraestruturas que permitan gozar do lugar a toda a poboación.

O obxectivo é poñer en marcha o plan de turismo sostible, traballando coa comarca do Eume para que o lago sexa o portal turístico para toda a zona e seguir dotándoo de servizos.

**Con que infraestruturas conta o lago?**

Agora mesmo hai xa dous quioscos en proceso de licitación para dar bebida e alimentación, e hai dous aseos, un deles adaptado para a mobilidade reducida. Isto era o máis urxente para as visitas. Coa bandeira azul que recibimos recoñécense ta-

mén os servizos que ofrecemos, con persoal socorrista en cada quenda e tamén coa praia accesible. Neste punto, temos unha zona de sombra para as persoas con mobilidade reducida e unha pasarela para acceder á auga dende o areal, para uso da cadeira anfibia. Estas eran as medidas máis imprescindibles para acometer ata o de agora, coa máxima de que a praia fora accesible e segura. Ademais, hai que sumar que a calidade da auga é excelente.

**Foi a primeira vez que se solicitou a bandeira?**

Si, a primeira vez que a solicitamos e que a recibimos. Estamos moi felices porque é un recoñecemento ao traballo ben feito e un respaldo importante polo traballo destes anos que visibiliza a excelente calidade da auga e os servizos que ofrecemos.

**Foi un traballo de moitos anos entón, que supuxo para As Pontes?**

Sempre fomos conscientes de que non eramos unha vila turística sen embargo con este espazo ampliáronse as posibilidades coa practica deportiva, de ocio, familiar... Por unha

parte temos o lago e os deportes acuáticos, pero tamén temos os sendeiros que percorren a contorna, a observación ornitolóxica coa cal estamos poñendo en valor a biodiversidade da flora e da fauna, etc. Aquí se conxugan todos os tipos de turismo, de natureza, deportivo, familiar, é un espazo que ofrece moitas posibilidades.

**É case como a carta de presentación das Pontes?**

Si, podemos dicir que é a principal porta de entrada á vila e permítenos conxugar varios tipos de turismo. Ademais sérvenos de guía para ofertar o resto de atributos que ten As Pontes, como as Fragas do Eume, os recursos culturais que temos aquí e en toda a comarca.

**Cales son os plans de futuro?**

Pois de momento seguir dotándoo de infraestruturas que nos permitan afondar neste proxecto de turismo sostible e orientalo cara o turismo activo e deportivo.

**Que necesidades ten?**

No tema de infraestruturas está todo por facer e estamos facendo



esa planificación de turismo sostible con estruturas que sexan compatibles co desenvolvemento de actividades na contorna do lago. Fáltanos por construír un edificio para os clubs deportivos, que de momento están nunhas edificacións provisionais onde poden gardar as embarcacións, pero queremos melloralas e tamén apostamos por facer aloxamentos e outro tipo de servizos. É unha prioridade, dotar de infraestruturas aos clubs de vela e piragüismo e pouco a pouco seguir traballando noutras ideas que poidan xurdir, pero sobre todo respectando a idea de sostenibilidade. É pódese ver tamén como unha boa vía para o emprendemento.

**Para o deporte foi importante a**

**adecuación do lago?**

Os clubs deportivos locais están moi implicados no plan de turismo, son como os asesores que nos propoñen actividades e rutas a seguir, non só no lago senón en todo o territorio porque son os mellores coñecedores das Pontes no senso de turismo de natureza. De feito, por exemplo, o North West Trimán, un referente en toda a provincia, supón que veña durante todo o ano xente a adestrar a estes circuitos tanto en bici como a nado ou carreira. Nós apoíamonos en todos estes eventos deportivos porque a boa organización destas actividades deportivas é un reclamo para a propia vila, para desestacionar o turismo. Non é raro ir a fin de semana ao lago e ver xente coa bici ou correndo.



# Un pasado exemplar

## 2012

**16 de maio:** Inauguración do espazo coa visita de Borja Prado, daquela presidente de Endesa; Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, e representantes políticos e sociais.

**20 de maio:** Inauguración da zona de baño. Tren turístico desde o concello ata o lago, rutas en globo aeroestático, inchables no areal e concertos.

**13 de decembro:** Mostra fotográfica no Círculo de Bellas Artes de Madrid. *Azul y verde sobre negro* é un traballo que amosa o cambio do entorno da mina até converterse en lago.

## 2013

**18 de maio:** Campionato galego de Vaurien e XIV Regata Vila das Pontes.



**26 de xuño:** Festa de fin de curso con atraccións acuáticas para escolares.

**7 de agosto:** Comezo do campamento Divirtete nas Pontes.

**24 de agosto:** Primeiro aniversario da praia do lago con concerto de Brothers in Band (tributo a Dire Straits) e DJ Pimp entre outros.

**17 de setembro:** Presentación do documental *Azul y verde sobre negro*.

**30 de outubro:** As Pontes adhírese á Rede Nacional de Turismo Industrial.

## 2014

**23 de marzo:** XIX Xantar Gaiteiro con visita guiada ao lago.

**11 de maio:** Primeiro censo de aves invernantes de Endesa que certifica que acolleu 32 especies.

**31 de maio:** Campionato de Windsurf.

**15 de xuño:** Primeiro Northwest Tri-man.

**18 de xuño:** O autor galego Pepe Carreiro publica unha nova aventura dos Bolechas ambientada no lago.

**16 de agosto:** Copa de España de vaurien.

**29 de decembro:** Buzos de Viveiro despiden o ano comendo as uvas no lago.

## 2015

**15 de abril:** Autorizada a navegación a vela sen motor no lago.

**21 de abril:** O Camiño de Inverno, cunha ruta Vilalba-As Pontes, remata no lago.

**Maio:** Firma do convenio con Endesa para a cesión dos terreos do lago ó concello.

**6 de xuño:** XXIII Memorial Carlos Fornos de piragüismo.

**15 de xuño:** Firma dun acordo entre o Concello, Endesa e os clubs de vela e piragüismo para a navegabilidade do lago.

**15 de xuño:** Regata Vila de As Pontes de clase vaurien.

**28 de xuño:** Inauguración dos novos accesos e celebración do NorthWest Tri-man.

**18 de xullo:** O circuíto galego de volei praia chega ao lago.

**23 de xullo:** Clases gratuítas de spinning e zumba.

**17 de agosto:** Clases de zumba e spinning no entorno do lago.

**9 de setembro de:** Aprobación en pleno da firma do convenio con Endesa que certifica a cesión.

**22 de setembro:** Adestramento do Tercio de Ferrol no lago.

**6 de outubro:** Blogueiros de viaxes visitan As Pontes e o seu lago.

## 2016

**9 de abril:** Profesores e estudantes de Portugal, Italia, Grecia, Alemaña, México e India visitan o entorno do lago co programa europeo Landcare.

**25 de xuño:** O ironman Northwest Tri-man conta con 600 inscritos.

**1 de xullo:** Roteiro guiado polo concello das Pontes con inicio no lago.

**2 de xullo:** XVII Regata Vila das Pontes.

**Agosto:** Mundoxogo no lago con actividades para a rapazada.

**8-12 de agosto:** Cursos de paddleboard no Lago.

**16 de agosto:** Comeza o campamento náutico para rapazada.

**6 de setembro:** Visita da Asociación Portuguesa de Patrimonio Industrial.

**16 de decembro:** Desmantélase cunha voadura controlada unha máquina apiladora de tres mil toneladas.

## 2017

**3 de xuño:** XXV Memorial Carlos Fornos de piragüismo.

**17 de xuño:** XVIII Regata Vila de As Pontes e Campionato Galego de Clase Vaurien 2017.

**25 de xuño:** O NorthWest Tri-man bate outro récord de participación.

**1 de xullo:** Primeira edición da Samurai Xtreme Race con máis de 1.500 participantes.

**21 de xullo:** Apertura da Senda da Memoria.

**Agosto:** Instalación dunha tiroliña no lago das Pontes cunha lonxitude de 200 metros e unha altura de 10.

**19 de agosto:** III Torneo internacional de voleibol Lago das Pontes.

**2-3 de setembro:** IV Regata de Windsurf.

**5 de novembro:** Primeira proba oficial de mushing.

**13 de decembro:** O Concello compra a Endesa unha rotopala para incorporala no seu patrimonio industrial.

## 2018

**12 de maio:** Ruta a cabalo polo lago das Pontes con 70 persoas inscritas.



**3 de xuño:** 300 palistas compiten no Trofeo José Ramón Corral e XXVI Memorial Carlos Fornos.

**17 de xuño:** V edición do Northwest Tri-man

**27 de xuño:** Pegadas Solidarias organiza unha camiñata de socialización con mascotas na Senda da Memoria.

**7 de xullo:** Terceira edición da Samurai Xtreme Race con máis de 1.400 deportistas.

**Agosto:** Ludolago, unha ludoteca de verán na que se promulga a afección polo exercicio.

**10 de agosto:** Campionato de España de seleccións autonómicas sub-21 de volei praia.

**18 de agosto:** Seis actuacións do Mago Antón no lago.

**1 de setembro:** V Regata Lago das Pontes.

## 2019

**3 de febreiro:** LXXXIV Campionato de Galicia Absoluto de Campo a Través.

**Abril:** O Concello dotará de servizos o lago coa instalación de módulos para aseos e hostalería.

**7 de xuño:** Alumnado vallisoletano visita As Pontes.

**9 de xuño:** XXVII Memorial Carlos Fornos e XI Trofeo José Ramón Corral de piragüismo.



**16 de xuño:** VI edición do Northwest Tri-man.

**21 de xuño:** Celebración do Día Internacional do loga cunha clase de balde no Lago.

**7 de xullo:** IV edición da Samurai Xtreme Race

**10 de agosto:** Bandeira de calidade Aenor para o lago.

**15 de agosto:** Competición da Bandeira de Traiñas da Deputación da Coruña.

**31 de agosto:** Xornada de Crossfit e Sup Padel no lago.

## 2020

**19 de maio:** Estréase a serie *La Unidad*, que conta con escenas no Lago.

**19 de xuño:** As Pontes parcela a praia do lago para controlar o aforo no contexto da covid-19.

**22 de xuño:** Sinalización intelixente tamén no lago de As Pontes.

**30 de agosto:** Campionato galego de Vaurien.

**4 de outubro:** Mellora na dotación de mellora de servizos do lago.

## 2021

**3 de abril:** Copa de España de vaurien.

**8 de abril:** Control da biodiversidade de especies.

## O Concello licita obras en varias vías municipais

O Concello de Friol licita as obras de dous proxectos moi importantes para o seu rural, xa que con estas actuacións pretenden mellorar e acondicionar varios viais e accesos de seis parroquias distintas do municipio, das trinta e dúas que se divide o territorio e a poboación friolense.

A que abarca máis parroquias é a obra de Mellora na pista de Bernadal a Freiría, e accesos de A Grela a San Román, a centro social do Burgo, a Xulacasa, a O Portonovo e a Cerracín coa se pretende actuar e mellorar o día a día dos habitantes das parroquias de Carballo, Burgo de Negral, Condes, Ousá e Vilalvite. A realización de estas obras supón unha importante inversión, chegando aos 160.000 euros.

Acondicionarase a pista que vai de Bernadal a Freiría, no Carballo. O acceso de A Grela a San Román, e o acceso ao centro social do Burgo, ambos no Burgo de Negral. O acceso a Xulacasa en Condes. O acceso a O Portonovo en Ousá. E o acceso a Cerracín, en Vilalvite.

Os accesos referidos están en mal estado por diversos motivos como as condicións meteorolóxicas, o paso de vehículos e maquinaria pesada, entre outras moitas, polo que a circulación normal de vehículos vese dificultada en determinadas zonas.

Outra obra que se vai levar a cabo é a Pavimentación do vial Currás, Torre da Luz, Xiá, que pertence á parroquia de Xiá, unha das máis grandes do municipio, e polo tanto unha das que conta con maior número de quilómetros de vías. En estas obras farase unha inversión de 125.000 euros.

A necesidade pública a satisfacer con este contrato é proceder á pavimentación do vial que comunica os núcleos de Currás, Torre da Luz e Xiá, que presenta mal estado de conservación debido á súa antigüidade, uso e inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe a súa rehabilitación.

Estes proxectos financiaranse con cargo ó Plan Provincial Único.

## Firman o convenio para dotar de saneamento ao núcleo de Roimil

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, asinou un convenio de colaboración para dotar de saneamento o núcleo de Roimil, que suporá un investimento de máis de 280.000 euros.

O acordo, asinado coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, ten como obxectivo a execución dunha rede de saneamento e depuración de augas residuais nos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira, onde se atopan 20 vivendas con 200 habitantes. Segundo este convenio, a Xunta, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 225.600 euros. Ademais, levará a cabo a contratación e a execución das obras, que contan cun prazo de execución de seis meses.

Pola súa banda, o Concello de Friol contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 56.400 euros, ao tempo que asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións.

As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Progra-



Firma do convenio entre o alcalde de Friol e a conselleira de Infraestruturas

ma Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta de la Unión á pandemia da covid-19.

**AS ACTUACIÓNS PROXECTADAS.** O convenio asinado entre a Administración autonómica e a entidade local recolle os traballos precisos para dotar de saneamento o núcleo de Roimil.

A solución proxectada céntrase na construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por

unha depuradora de oxidación total con capacidade de depuración para 200 habitantes.

A rede de saneamento componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

## Achan o gravado dun sol nun dolmen

O Colectivo Patrimonio dos Ancares, a través de Brais Rodríguez Romero, documentou fai uns días un gravado inédito, que se cre que é único en Galicia, e está situado no dolmen da mámoa número 2 da necrópole da Costa de Mera, na parroquia friolesa de Guldriz. Na parte inferior da cara interna dun dos esteos que forman a cámara megalítica vense unhas catorce liñas radiais que parten dun círculo. "Trátase dunha clarísima representación do Sol", di o experto.

Este dolmen, que aínda conserva seis esteos da cámara megalítica, foi descuberto polo investigador Juan F. Núñez Jato a finais dos anos oitenta do pasado século XX, e visitado a mediados dos anos noventa polos arqueólogos César Parceros Oubiña e Carlos Otero Vilariño quen documentaron na parte superior dun dos chantos tres cruces gravadas de factura moi posterior.

Se ben se consideran como solifor-



Unha imaxe do dolmen atopado na zona

mes algunhas gravuras aparecidas nun reducidísimo número de dólmenes de Galicia, estas son moi esquemáticas e de non doada interpretación. "Pola contra, a representación deste dolmen de Friol é clarísima, non admitindo dúbidas canto á figura que quixeron representar os seus construtores", engaden.

Na Península, para ver unhas figuras tan nidias do sol insculpidas nun dolmen, aínda que tamén moi escasas, hai que trasladarse a Andalucía, Cataluña, Estremadura ou Portugal.

Na comunicación enviada a Patrimonio solicitan que por posuír este gravado, o enterramento sexa declarado Ben de Interese Cultural (BIC).

## Organizan campamentos atléticos para o verán

O Concello opta por celebrar este verán uns campamentos atléticos, coa colaboración do club de Atletismo Friol. Os monitores encargados de intentar contaxiar a súa paixón polo deporte aos máis novos de este municipio, serán dúas persoas de gran peso no club, dous veciños de Friol, María Carballido e Cristian Montece-lo, dous grandes atletas de Friol.

O prazo para inscribirse nestes campamentos atléticos, que serán gratuítos, comezará o luns 14 de xuño. Pode realizarse esta nas oficinas do Concello de Friol, ou tamén a través do correo electrónico [info@concellodefriol.es](mailto:info@concellodefriol.es).

Esta actividade de verán comezará o día 1 de xullo e rematará o 31 de agosto. Realizarase en horario de mañá, dende as 10:00 ata as 13:00 horas.



Dividiranse aos nenos e nenas interesados en participar, en dous grupos, dependendo das idades. Un primeiro grupo será de 4 a 9 anos, os martes e os xoves, e un segundo grupo, os luns, mércores e venres, para os participantes con idades entre os 10 e os 14 anos.

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**

**gato con botas**

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Tel: 982516550

# “Fago deporte co mellor animal, sempre estou montando”

A polense Rocío Díaz Cortón é, aos seus 19 anos, unha referencia no mundo do raid

Como mellor se atopa é sobre un cabalo, así é Rocío Díaz Cortón, veciña da parroquia de Lea, en Pol, que leva dende que as normas llo permitiron vinculada ao mundo da competición equina. Agora, con 19 anos, esta estudante de dietética mantén o seu interese pola competición tan nítido como sempre. A súa intención é facerse un nome dentro dunha complicada disciplina, o raid, unha modalidade moi esixente que lle vén de familia. Díaz, que foi dúas veces campioa autonómica, participou no raid que se celebrou en Pol recentemente e aínda que os resultados non lle favoreceron non perde de vista o seu obxectivo de continuar mellorando.

**Cando empezaches a competir?**

Empecei a competir con 10 anos porque antes non se podía.

**Como foi que decidiches meterte no mundo da competición?**

Metinme no mundo do cabalo grazas á miña nai.

**Que o que máis che gusta deste deporte?**

O que máis me gusta é a penetración que hai entre o cabalo e o xinete.

**Que vantaxes e desvantaxes ten?**

Ten vantaxes como que me axuda a esquecerme de moitas outras cousas, fago deporte co mellor animal do mundo, pásomo ben e podería estar sempre montando. Ten desvantaxes como que por moito que adestres e o fagas moi ben non



Rocío Díaz Cortón, nunha das últimas probas hípicas

sempre as cousas saen como queires que saian.

**Cal é o logro do que te sintes máis orgullosa?**

Síntome orgullosa de moitos logros, non podería elixir un en concreto.

**Como compaxinas co resto de ocupacións?**

Son unha persoa que me organizo moi ben e dáme tempo a facer todo o que queira.

**Vivir nun lugar como Pol facilita poder dedicarte a competición?**

Non, non a facilita, Galicia está no extremo do país e temos moitas máis dificultades que o resto.

**Que condicións físicas se necesitan para practicar este deporte?**

A única forma física que necesitas é adestrar o mesmo que vaia a adestrar o teu cabalo.

**Que obxectivos de futuro tes vinculados ao este deporte?**

Con respecto ao deporte nun futuro gustaríame poder chegar máis arriba e demostrar máis o que vallo, porque ultimamente non mo permite a sorte.

## Recollen doazóns de sangue o sábado 12



A unidade móbil de doazón de sangue estará este sábado 12 de xuño no Concello de Pol para recoller as doazóns dos veciños que así o desexen maiores de 18 anos e con máis de 50 quilos de peso.

O vehículo prestará servizo entre as 10.00 e as 15.00 horas diante do Concello.

O servizo lembra que para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar esperar dúas horas. Hai que presentar DNI ou documento similar ou sen su caso tarxeta de doante.

Aquelas persoas interesadas en realizar unha doazón deben solicitar cita previamente, chamando ao número gratuito 900 100 828.

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

# HR

Hijos de  
Ramón Rubal

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

## PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

## A Deputación impulsa a creación dun paseo fluvial



O presidente da Deputación e o alcalde de Meira

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde do Concello de Meira, Antonio de Dios, asinaron no Pazo de San Marcos o convenio interadministrativo polo cal a institución provincial colabora na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño ao seu paso polo municipio meirense. A institución provincial investirá 25.000€ para a compra dunha finca de 5.528 m2 coñecida como Monte Irimia, que está

situada no entorno do Pedregal de Irimia, lugar de nacemento do río Miño.

Neste caso, ambas entidades acordan construír un paseo fluvial que permita a unión desta zona co resto da vila, para o que é necesaria a compra de terreos valorados en 37.400€. A institución provincial aportará o 67% do custe, e investirá na posta en valor da zona uns 25.000€, sendo o Concello o que aporte os 12.400€ restantes.

## Adxudican a metade dos pregos para o equipamento do CAM

A Deputación deu novos pasos en relación coa rede de residencias públicas ao aprobar a adxudicación de dous dos catro lotes do contrato para o equipamento do Centro de Atención a Maiores de Meira por un importe de 43.300€: un para a dotación de equipos médicos, xogos, material pedagóxico e axudas técnicas, e o outro para pequenos electrodomésticos e material de limpeza.

Pablo Rivera indicou que “a adxudicación dos outros dous lotes restantes está pendente da presentación de documentación”. Trátase do lote para mobiliario xeral, licitado por un importe de máis de 162.200€, e do de material de lavandería, ao que a Deputación destina case 39.800€. As instalacións contarán con 30 prazas de residencia, ampliables a 38, e 20 de centro de día.

## Licitadas as obras dunha ETAP no depósito de Grañanova

O Concello licitou as obras de construción dunha ETAP no depósito de auga de Grañanova, obras que estarán financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental por un importe de 41.000 euros. Posteriormente, está previsto equipala con cartos que destinarán do Plan Único e que ascenden a 28.000 euros.

As obras, que darán comezo en breve teñen como obxectivo corrixir os problemas de exceso de ferro e aluminio detectados nesta traída.

Dende hai algún tempo o Concello ten detectados problemas de turbidez en zonas como Corbaceiras, San Roque ou Regolongo, que xeraron diversas queixas veciñais e dun hostaleiro. Aínda así o Concello lembra que a auga é pobable.



Depósito de auga de Grañanova

Estes problemas achacáronse nun principio a algunha fuga pero finalmente constatouse a presenza de metais, unha problemática que se tentou atallar de forma provisional coa instalación de filtros para que a

auga chegue xa limpa ao depósito. Agora a intención é ter esto solucionado antes de que remate o verán. Tamén se procederá á selaxe da estrutura para evitar que o problema volva repetirse.

## Contratan a construción dunha pista de pádel

O Concello de Meira licitou as obras de construción dunha pista de pádel, que se situará ao lado da nova área de autocaravanas, inaugurada no ano 2019.

As obras están financiadas cunha subvención pola Xunta de Galicia, dende o departamento de Deportes e teñen un orzamento de 28.000 euros, dos que o ente autonómico aporta 20.000 e o resto correrán a cargo dos fondos propios. A obra conta nun primeiro momento con facer o peche da pista e a intención do Goberno local

é cubrila en canto sexa posible, tal e como explicou o concelleiro responsable desta área, Agustín Méndez.

As obras darán comezo en breve e serán moi rápidas, para poder tela en activo durante o verán. “O obxectivo será poder cubrirla para utilizar de cara ao inverno, para o que buscaremos tamén financiamento”, indica Méndez. Segundo explica o concelleiro, esta pista era unha “das promesas que tiñamos para cumprir e xa está en marcha”, engade.

## O Concello e veciños estudan a ampliación do polígono

O Concello de Meira e a asociación de empresarios estudan conxuntamente a posible ampliación do polígono industrial para o que realizaron unha reunión o mes pasado.

As dúas institucións destacan a “necesidade urxente” de ampliar a capacidade do actual polígono e manifestan o seu compromiso para traballar “conxuntamente para defender o interese común e satisfacer as necesidades das empresas”. A esta reunión asistiron persoas e empresas interesadas en novo solo industrial para facer unha proposta común ás institucións de cara a conseguir un respaldo económico desta iniciativa.

**PROMEDISA**  
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

### AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

**COMPRA ONLINE**  
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJOS - LUGO T. 982 245 715  
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJOS - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

## Remata a reforma do centro social de Galegos

O Concello de Riotorto rematou as obras de reforma e acondicionamento do centro social de Galegos, un proxecto subvencionado polo GDR no 65% e con fondos municipais no resto e que tiña un orzamento de 51.299 euros.

O proxecto consistiu na rehabilitación do edificio, que actuaba como vivenda particular. O novo centro dispón dunha sala e un cuarto de aseo, que foron reformados. Tamén se fixeron traballos de mellora da instalación eléctrica, colocación de



tarima, etc. Ademais, colocouse unha rampla de acceso para facilitar o mesmo a todas as persoas con problemas de mobilidade.

## O Concello oferta a explotación do Mazo de Ferreiravella

O Concello de Riotorto vén de facer pública a súa intención de sacar a explotación do Mazo de Ferreiravella, un complexo rural que conta con edificio para restaurante, con explanada de 800 metros de aparcadoiro e conxunto etnográfico adxunto. Ademais é un dos puntos do roteiro dos ferreiros.

As persoas interesadas na súa explotación poden poñerse en contacto co Concello que estudará o seu proxecto de viabilidade e de futuro. Dependendo das ofertas presentadas farase unha licitación pública do mesmo pero en principio estudaríanse as ofertas de forma individualizada.

## Aprobado o Plan Básico Municipal

A Xunta de Galicia aprobou onte inicialmente o Plan básico municipal (PBM) de Riotorto, que se converte así no oitavo concello galego que supera este trámite e segue avanzando cara ao obxectivo de dotarse o antes posible dun instrumento propio de ordenación, o primeiro no seu caso.

Esta ferramenta está pensada para que os concellos de menos de 5.000 habitantes e sen planeamento —37 en toda Galicia— poidan desenvolver certa actividade urbanística pero sen establecer criterios de crecemento urbano.

Para axudar e motivar aos municipios sen planeamento a tramitar un PBM, a Xunta decidiu asumir directamente a redacción do primeiro o do Concello do Páramo ademais de colaborar técnica e economicamente con outros oito concellos, que xa teñen nestes momentos moi avanzada a tramitación dos seus respectivos plans (Riotorto, Cartelle, Padrenda, Porqueira, Triacastela, San Xoán de

Río, Trabada e Ribeira de Piquín). O plan aprobado inicialmente clasifica no concello de Riotorto un único ámbito de solo urbano, sumando todos os terreos que integran a malla urbana existente e de xeito que os sete antigos asentamentos rurais quedan a partir de agora unidos ao lugar das Rodrigas. Así mesmo, o PBM delimita un total de 67 núcleos rurais: 60 deles de tipo tradicional, 6 que combinan partes tradicionais e comúns e 1 común.

En canto aos elementos significativos do patrimonio cultural e natural de Riotorto merecedores dunha protección especial, o documento identifica e cataloga un total de 118 dos cales son de tipo arqueolóxico, 44 arquitectónicos e 68 etnográficos. De todos estes elementos, cómpre subliñar que a gran maioría (concretamente 88) foron incorporados ao longo do proceso de elaboración do propio PBM, mentres que os 30 restantes xa estaban recollidos no Plan básico autonómico.

### EN BREVE

**AXUDAS.** O Concello de Riotorto fixo públicas as axudas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que oscilan entre os 400 e os 1.100 euros. As dúas que máis reciben son a Asociación de Gaiteiros, con 1.100 euros e a de veciños de Santa Comba de Órrea, que ten 1.000 euros de axuda. Tamén reciben 800 euros a Asociación Cultural Arrincadeira e a Anpa do colexio. Con cen euros menos quedan As amas de casa Santa Isabel da Ilusión, o coro parroquial, os veciños de San Xosé de Vilaseca e o club de bolos. O club Enduro recibe 750 euros. Tamén haberá 600 euros de axudas para os veciños de Vilar de Santiago e os de Augaxosa. Pechan a listaxe, os veciños de Chacín, os de Vale, os de Lourido Virgen de la Piedad e os de Santa Marta de Meilán.

**DESBROZADORA.** O Concello de Riotorto completou a compra dunha máquina desbrozadora para realizar os traballos de roza de estradas en todo o termo municipal. Trátase dunha desbrozadora Traseira, TMC Cancela, suministrada por Maquinaria Moure SL. que foi adquirida con fondos propios municipais. Tivo un coste de 10.000 euros e vén a substituír á vella que xa estaba con moitos problemas e moi antiga.

7/6 LUNS		13/6 DOMINGO	
12:00	PRESENTACIÓN DO MEDIO FESTIVAL POESÍA GUITIRICA. INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN SELA ANAIA. MÚSICA VIVA DE SUZÁN. CASA NABARRA.	18:30	PRESENTACIÓN LIBRO: ARRECORRO DO PÁO DAS ALMARRAS. SÓLO PÁO DE NETA.
		19:00	RECITAL POÉTICO MUSICAL DE PAO NETA E TINI.
		20:00	CONCERTO: FORMADORES DE NABARRA.
12/6 SÁBADO			
11:00	PRESENTACIÓN REVISTA NUN BASTA. REVISTA DE ADIAPACIÓNS POÉTICAS DE BASE.	10:30	SAGA HISTÓRICA DAS CASTELAS. SAGA NÚ 1: ALMARRAS EN SAS CASTELAS.
12:00	PRESENTACIÓN LIBRO: POEMA DA NÓA DAS AVES. MOISÉS BARRERA.	12:00	PRESENTACIÓN LIBRO: LARTEIRA DE NETA. PABO VERES.
13:00	SALÓN ALFONSO CASTRO. CONCELLO DE SUZÁN. MARCOS NABARRA.	13:00	PALESTRA DE SELA ANAIA. PRESENTA: MARÍA XOSÉ LAMAS. INTERVENCIÓN: XOSÉ DE O ANAIA.
13:30	ACTIVACIÓN MUSICAL ESCOLA (GRUPO NETA- GRUPO CASTELAS).	14:00	ACTIVACIÓN MUSICAL UNED VILANOVA A CORNOIA.
14:00	PALESTRA ALFONSO BLANCO TORRADO.	17:00	PRESENTACIÓN LIBRO: TEXTO DO DESEMPREGO. ANA BARRAL.
14:30	ACTIVACIÓN MUSICAL ESCOLA (GRUPO NETA- GRUPO CASTELAS).	18:00	PRESENTACIÓN CONJUNTA LIBROS: NUN ESTAMOS PREPARADOS PARA NETA. TERESA NETA. BARRAL DE VENTURA. INTERVENCIÓN SUZÁN.
17:00	PALESTRA CAVALARI CALDO. PRESENTA: ANTON DE SUZÁN. PARTICIPAN: ALFONSO BLANCO TORRADO E LUCRETE DE CASTRO.	19:00	EXTERNA PREMIOS - ALMARRAS PRESENTA LIZ ANAIA. ACTIVACIÓN SUZÁN SARRIEN. - PABO NETA CASTRO PRESENTA CONTELLERÍA CULTURA E SUZÁN. ANAIA PÉREZ.
18:00	PRESENTACIÓN LIBRO: ANAIA. LIZ BARRAL.		

# FESTIVAL DE POESÍA GUITIRICA

12 - 13 DE XUÑO

## CAMPO DA FEIRA POESÍA DE BASE

NOVA POESÍA GUITIRICA  
NÓMADES DO VERSO  
VERSOS DE AREA  
IRMANDADE LUSO GALAICA  
IN NAVE CIVITAS / URBANO LUGRÍS  
MORAIMA / A GRAFÍA DA EMOCIÓN

### ORGANIZA



### COLABORAN



### PROMOVE



## O Concello regulariza os pagos no servizo de recollida de lixo

O alcalde de Cospeito sacou un bando indicando a obrigatoriedade de pagar pola recollida do lixo como así se establece nunha ordenanza municipal. Polo tanto, abriu o prazo para darse de alta neste servizo, que ten que facerse mediante os formularios que se atopan nas oficinas.

Estas persoas que se están a dar de alta no concello no servizo de recollida de lixo, son aquelas que non pagaban os recibos de auga.

Como explica a voceira do PSOE en Cospeito, as consecuencias de non facer efectivo este trámite levan consigo “que se poda reclamar o pago das facturas dos últimos catro anos”. Aínda así, as persoas exentas de pago son aquelas que teñen os colectores a máis de 200 metros de distancia, aínda así teñen que cursar esta solicitude polo que darse de alta no pago é obrigatorio.

## Sete colectivos de Muimenta critican a Abanca pola redución do horario da oficina

Sete colectivos culturais, veciñais, de pais e deportivos de Muimenta remitiron un escrito a Abanca mostrando o seu desacordo coa redución de horario para operacións en efectivo que entou en vigor nos primeiros días de xuño. Consideran que esta decisión “prexudica aos clientes”, sobre todo aos que se dedican ao sector primario, e aos maiores, que “demandan ser atendidos en persoa”.

Solicitan por tanto que se mantéña o horario de caixa e o reforzo do persoal para un maior servizo aos clientes os días de feira mensual, primeiro xoves de cada mes.

Abanca informou aos seus clientes que, dende o día 7, o horario para operacións en efectivo é de 8.15 a 11.00 horas —agás os tres primeiros e os dous últimos días laborables de cada mes—.



## Multitudinario acto pola recuperación da Torre de Caldaloba

Coa lenda *Recuperarmos o noso patrimonio. Recuperarmos a nosa historia*, dezanove entidades da Terra Chá e concellos limítrofes esixiron nun acto celebrado diante da Torre de Caldaloba para demandar a recuperación da fortaleza, testemuño da resistencia da nobreza galega fronte aos Reis Católicos no final da Idade Media. Os participantes reiteraron a implicación da Xunta de Galicia na recuperación da fortaleza, cunha actuación inmediata que consolide a súa estrutura e un proxecto de

rehabilitación e posta en valor do edificio e da contorna. Así como, que a Torre de Caldaloba e os terreos da contorna sexan propiedade das galegas e dos galegos.

O evento, convocado por dezanove entidades culturais, entre elas, a Fundación Manuel María, Xermolos, Xotramu, Iescha, Madia Leva, Nova Poesía Guitirica ou AC Poeta Avelino Díaz, contou coas intervencións do divulgador cultural Orlando Viveiro e do profesor da Universidade de Uvieu e estudoso da Caldaloba, Antón Meilán.

## IV certame literario

Paralelamente foi convocada a IV edición do Certame de Poesía Torre de Caldaloba. Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en galego.

A organización deste certame estableceu dúas categorías, para menores de 18 e para maiores desta idade con dous gañadores en cada un dos grupos. O gañador maior de 18 anos recibirá 1.500 euros de premio e a publicación da obra. Por outra banda, o gañador infantil recibirá un lote de libros e unha tablet e o subcampión terá de pre-

mio un libro electrónico.

As bases contemplan para os maiores un límite de entre 300 e 600 versos e para os pequenos o límite estará nos 60 versos. Os requisitos para valorar as obras serán que estean en galego e escritas a ordenador e que sexan orixinais mentres que a temática é totalmente libre.

A entrega pode facerse por correo ordinario ou por sede electrónica. O prazo para presentar propostas péchase o 24 de setembro e o fallo do xurado farase público o 29 de outubro. A entrega será o 6 de novembro no local social de Pino.

## O PSOE reclama a posta en marcha das axudas aprobadas no Pleno

O PSOE foi contundente co equipo de Goberno no último Pleno xa que volveu reclamar a convocatoria das axudas para os hostaleiros e empresarios castigados economicamente pola pandemia da covid-19. Os concelleiros pediron que se concretara sobre a apertura do prazo e que se convocaran. “Son agora cando se necesitan no dentro de dous anos”, insistiu a voceira, Rosa Morán.

O Concello avanzou que non hai nada preparado xa que necesitan esperar á aprobación dos orzamentos deste ano para convocar as axudas.

O segundo tema de transcendencia sobre o que preguntaron foi como van os trámites para a contratación dunha nova empresa redactora do PXOM, unha vez que fose despedida a anterior por diferentes incumprimentos. Malia que houbo acordo entre todas as partes para o cambio de empresa, os socialistas insistiron na necesidade de axilizar o proceso de licitación “ao ser unha norma imprescindible, paralizada durante moitos anos, e pola que non podemos seguir esperando”. O Concello pola súa banda, asegurou que xa co-

mezaron os trámites.

Tamén a Torre de Caldaloba volveu ser tema de discusión. O PSOE explicou que tralo acordo do anterior Pleno, no que se aprobou unha moción sobre a conservación do monumento, querían saber en que estado está o proceso e que actuacións se están levando a cabo.

O Concello explicou que se está negociando co propietario para chegar a un acordo para que o ceda por uns anos para restauralo, xa que se pretenden facer escavacións, pero o propietario da torre non está de acordo. “Hai unha gran diferenza entre o que este pide e o que se pode dar polo que no caso de non haber acordo terían que proceder a unha expropiación”, explicaron no Pleno.

Ao que si se comprometeu o equipo de Goberno é en facer tarefas de limpeza de maleza para adecentar a zona, ao que o propietario accedeu. Os socialistas demandaron acceso tamén ao contrato coa nova empresa de axuda no fogar para saber se houbo algunha modificación con respecto ao anterior, ao que o alcalde contestou que non.

## X aniversario do centro de día

O centro de día Vila de Valverde de Cospeito celebrou os dez anos de funcionamento cun acto oficial no que se descubriu unha placa conmemorativa desta década transcorrida.

Durante este pequeno acto, lembrouse que o edificio será obxecto dunhas obras de mellora este verán, obras que teñen un orzamento de 31.500 euros e que están orientadas a reforzar as



condicións de illamento e impermeabilidade do edificio.



C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)  
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522  
mesonmartinez@hotmail.com



**FESTA DA FILLOA.** Por segundo ano, o Recinto Feiral Manuel Vila non acolleu presencialmente a Festa da Filloa de Muimenta-Festa de Interese Turístico de Galicia. Pero dende a Moexmu organizouse un concurso de fotografía, coa temática filloa, que entregou o primeiro premio a Fe Legaspi Valiña da Pastoriza e o segundo a Paula Francos Anllo de Muimenta.

rábade

## Aberto o prazo para inscribirse no campo de traballo das Insuas

Este ano volve convocarse o Insua-CAMP na Casa das Insuas de Rábade, que terá lugar do 4 ao 6 de agosto, o campo de traballo que, como todos os anos, centrarase no estudo dos quirópteros forestais e os odonatos.

O InsuaCAMP ofrece un espazo formativo a persoas interesadas en profundar en metodoloxías de estudo de diferentes grupos faunísticos e florísticos, nun dos máis extensos e mellor conservados bosques aluviales da península Ibérica: o que tapiza a conca alta do río Miño en Terra Cha, na Reserva da Biosfera Terras do Miño (Lugo). E especialmente nas insuas (illas) de Rábade, máis de 100 hectáreas de bosque e prados seminaturales nas que Morcegos de Galicia conta cunha extensa rede de caixas refuxio para morcegos.

Este ano 2021 insuaCAMP ofrece un formato "mini" especial de tres días, debido aos condicionantes derivados da pandemia. A fin de limitar ao máximo posible a convivencia en espazos pechados, a



inscrición nesta edición do insua-CAMP non incluírá o aloxamento e as comidas, como viña sendo habitual. Os traballos de campo comezarán ás 10:30 e terminarán tras a mostraxe nocturna de morcegos. Roberto Hermida coordinará un equipo de Morcegos de Galicia que dirixirá o traballo con quirópteros. InsuaCAMP ofrece 12 prazas para persoas interesadas en profundar no estudo destes grupos, compartir experiencias e coñecementos con outras persoas, nun ambiente distendido, cun forte ritmo de traballo, nun espazo natural privilexiado. Ten un custo de inscrición de 25 euros e o prazo para inscribirse termina o 1 de xullo.

## Actuación de Isabel Risco con 'Bravas' o 18 de xuño

O venres 18 de xuño, ás 20.00 horas, no Centro Sociocultural de Rábade, estará de visita Isabel Risco, para protagonizar *Bravas*, un espectáculo no que ofrece a súa particular visión da historia das mulleres galegas.

*Bravas* é unha produción cómica, sobre mulleres sen medo. Mulleres do noso pasado, do noso presente e, tamén, do noso futuro. Fai un repaso histórico pola nosa era, desde a época castrexa ata o século XXIII.



castro de rei

## Destinan 330.000 euros ao arranxo de vías municipais

O Concello destinará un total de 331.410 euros a sufragar dous proxectos para a mellora do estado de conservación de varias vías de titularidade municipal nas parroquias. A maior parte deste investimento corresponde ás obras de rexeneración de accesos aos núcleos de Triabá, Quintela, Bazar, Bendia, Azúmara e Ribeiras de Lea, cuxo procedemento de licitación xa está aberto cun prezo de adjudicación de 256.900 euros.

Esta intervención finánciase con cargo ao plan único da Deputación, que achegará 253.829,38 euros, mentres que o resto, 17.281,50 euros, estará a cargo do Concello. Realizaranse labores de limpeza de cunetas, acondicionamento, rexeneración, pavimentación, sinalización e mellora da drenaxe.

Actuarase na estrada que vai desde a LU- P-1104 ata o límite municipal en Bardián, pasando pola igrexa de

Bazar, un trazado de case tres quilómetros; na Rúa do Castro de Castro de Ribeiras de Lea; catro viarios en Triabá; e os accesos ás vivendas de Bardián, ao barrio de O Castrillón e Reguntille. Ademais, un acceso en Quintela e outro en Cornide acondicionaranse, pero sen pavimentar. O obxectivo destes traballos é rexenerar varias vías públicas moi deterioradas pola súa antigüidade, uso e as inclemencias meteorolóxicas

## Haberá campamento urbano en xullo

O Concello de Castro de Rei celebrará no mes de xullo un campamento urbano en dúas quendas para rapaces de 3 a 14 anos.

Así, a primeira será do 1 ao 15 e a outra do 16 ao 30 do esmos mes.

Esta actividade terá un horario de 9.30 a 14.00 horas con servizo de madrugadores desde as 8.30 horas.

No campamento desenvolverán actividades de deporte, animación, contacontos e animación á lectura, obradoiros, educación ambiental, excursión ao Aquapark de Cerceda, etc.

As inscricións poden facerse ata o 18 de xuño. Os formularios poden descargarse na web do Concello, [www.castroderegal](http://www.castroderegal), e entregarse por rexistro.

Ofrecerán información no teléfono 982 804 773.



Dende a concellería de cultura informaron que a piscina de verán volverá abrir dende o primeiro de xullo ata mediados de setembro, respectando as normas covid. En próximas datas darán a coñecer os horarios, que seguirán a liña do ano pasado.

## O Pleno aproba a proposta de mellorar a accesibilidade na estrada do Mercado

O pleno do Concello aprobou unha proposta do BNG encamiñada a mellorar a accesibilidade na contorna do pavillón, antigo centro médico e gardería, situadas na contorna da Estrada do Mercado.

Digna Lagarón explicou que "a vila de Castro Ribeiras de Lea ten unha importante falta de beirarrúas na maioría da zona urbana, esta falta é especialmente notable na contorna desta zona, onde coninciden distintos servizos públicos".

Na proposta aprobada no pleno, o BNG propuxo ao Goberno Municipal que se adecente esta zona con beirarrúas e se cree un aparcadoiro no solar colindante co centro médico, e que desde se promova un plan de eliminación de obstáculos a todas as zonas sen adecentamento urbanístico da vila, comezando polas que implican máis perigo.

PROPIETARIO

**¡Te estamos buscando!**

PERDENDO TU PROPIEDAD

INMOBILIARIA GRUPO XATOBA XESTIÓN

Contáctanos: 698 119 445

[info@xatobaxestion.com](mailto:info@xatobaxestion.com)

IES da Terra Chá, José Trapero Pardo

**FORMACIÓN PROFESIONAL**

- CICLO FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN ACTIVIDADES AGROPECUARIAS
- CICLO MEDIO: TÉCNICO EN APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL
- CICLO SUPERIOR: TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

**MATRÍCULA: Do 25 de xuño ao 5 de xullo**

Infórmate ou visítanos no

**IES da Terra Chá "José Trapero Pardo"**

Avda. Terra Cha s/n, Castro Ribeiras de Lea - 27269, Castro de Rei - Lugo

Tel.: 982 870 144 / 982 870 145

[ies.terra.cha@edu.xunta.es](mailto:ies.terra.cha@edu.xunta.es)

[www.edu.xunta.gal/centros/iesdaterracha](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdaterracha)

# Un ano de melloras en Castro de Rei

O investimento dun millón de euros na subministración de auga ás parroquias e a declaración ARI son os dous eixos principais



Á esquerda, unha imaxe do centro histórico de Castro de Rei, obxecto da declaración de zona ARI e, á dereita, o polígono industrial de Castro Ribeiras de Lea, onde se está a mellorar o subministro de auga

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, asinou co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, o convenio de colaboración para completar a mellora da rede de abastecemento de auga potable do municipio, que suporá un investimento de 400.000 euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 320.000 euros. O Concello de Castro de Rei contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 80.000 euros. As actuacións, cun prazo de execución de seis meses, serán financiadas no marco do Eixe REACT-UE do

**Comezan as obras do abastecemento na súa primeira fase e xa está firmado o convenio para acometer a segunda**

Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á covid-19.

Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, para o que é preciso a consecución da documentación municipal comprometida, que inclúe someter o proxecto a información pública, así como pór á disposición os terreos necesarios. As obras mellorarán as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar os problemas de abastecemento que se producen en época estival.

Trátase dunha nova actuación, que lle dará continuidade as obras da primeira fase contratadas por Augas de Galicia, aprobadas nun convenio anterior co Concello, e que supo-

ñen un investimento de preto de 630.000 euros.

Nesta primeira fase construíranse 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Proxéctase tamén a execución de varias arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.

As novas actuacións complementarán a primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de condución que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, emprégase unha condución de 1.529 metros con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro. A solución proxectada por Augas de Galicia deixará preparado para as actuacións que poidan ser necesarias cara ao futuro.

O proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes desta contorna para o ano 2040.

De feito, o Concello deu comezo no mes de maio ás obras de mellora do abastecemento municipal na súa primeira fase, tal e como anunciou o alcalde, Francisco Balado.

Esta rede presenta déficit de presión en distintos puntos durante o período estival e, polo tanto, falta de capacidade para cubrir as demandas nesta época.

Esta segunda fase consiste na execución dunha nova tubaxe de máis de 1,5 quilómetros de lonxitude en parte do núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e ao longo da estrada LU-1706 cara a Feira do Monte, resolvendo todas as interferencias con outros servizos existentes no trazado da mesma. O obxectivo é licitar os traballos desta segunda fase despois do verán.

“Con estas actuacións non só se favorece o núcleo de Castro e o polí-

gono industrial, tamén mellorará o servizo nas parroquias de San Xiao de Mos, en Triabá e en Ribeiras de Lea, e que tamén terá repercusións nas de Matodoso e Loentia”, subliña Balado.

## DECLARACIÓN ARI

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou a declaración da primeira Área de Rehabilitación Integral (ARI) no municipio de Castro de Rei, que abarca unha superficie de 13 hectáreas da capitalidade e o seu entorno.

Esta distinción implica que os veciños e veciñas poderán optar ás achegas da Xunta para obras en espazos declarados ARI, que está previsto que se convoquen este mesmo mes e mobilizarán máis de 3,5 millóns de euros.

Os propietarios dun inmovible que desexen rehabilitalo poderán acce-

der a incentivos de ata 24.000 euros por vivenda. Así mesmo, o concello tamén poderá recibir axudas para actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos neste ámbito, así como para o financiamento da oficina municipal de rehabilitación.

En concreto, na área de Castro de Rei están incluídos 88 inmovibles, e estímase que máis de medio cento de vivendas son susceptibles dalgun tipo de rehabilitación ou renovación. Ademais, existen 21 inmovibles doutra tipoloxía.

A ARI de Castro de Rei abrangue o ámbito do conxunto histórico, o

**Coa declaración de zona ARI, os veciños poderán solicitar as achegas da Xunta de ata 24.000 euros para obras en edificios privados**

## Parcelaria en San Xiao de Mos

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado polo delegado territorial da Xunta, Javier Arias, e pola directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, deu por rematada a concentración parcelaria de San Xiao de Mos, coa entrega dos 435 títulos de propiedade a 262 veciños.

A reorganización da terra nesta zona permitiu pasar de 1.687 predios a 435 fincas, o que supuxo un incremento considerable da superficie media por predio. Neste senso, pasouse de 2.600 m<sup>2</sup> a case 10.000 m<sup>2</sup> por parcela, o que lle permite ás explotacións da zona ver incrementada a súa base territorial e minimizar os seus custos de produción.

A Consellería investiu neste proceso algo máis de 1,5 millóns de eu-



ros e advertiu que, só para este ano 2021, a Xunta destina máis de 12 millóns de euros para seguir avanzando nos 96 procesos que a día de hoxe permanecen abertos. Nesta liña, asegurou que o Goberno galego aposta e confía nestes procesos

de concentración para mellorar a estrutura da propiedade.

O Consello da Xunta aprobou tamén o decreto da Consellería do Medio Rural polo que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de Viladonga.

solo urbano contiguo, o solo de núcleo rural da parte adxacente do núcleo rural de Portomuiño ao Norte, o solo de núcleo rural de Samesgueiras ao Sur, así como o solo urbano inmediato polo sueste ata o cruzamento coa estrada a Prevesos. Esta delimitación forma un conxunto con similares características tipolóxicas, socioeconómicas e de unidade vinculado co conxunto histórico artístico, xerme do núcleo de Castro de Rei.

Con esta declaración, son xa trece os municipios lucenses que contan con algunha área de rehabilitación. Castro de Rei ven a sumarse ás de Chantada, Lourenzá, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Sarria, Sober, Ribadeo, Vilalba, Viveiro, Lugo, e a de Guitiriz, declarada o pasado mes de novembro para os núcleos do Buriz e Os Vilares.



# Optimizar as infraestruturas

## BEIRRARRÚAS

O Concello está a acometer as obras das beirarrúas na rúa Alcalde Emilio Sinde Nieto, nas que se investirán 99.600 euros procedentes do Plan Único da Deputación.

Os traballos consisten na renovación da superficie das beirarrúas nesta vía no tramo que vai dende a intersección con avenida Aviación Española ata o enlace coa rúa Manuel Becerra Bermúdez, que corresponde a un tramo de 300 metros.

Nun primeiro momento eliminárase o pavimento de baldosa existente para colocar novos bordos e un pavimento de formigón de 12 centímetros de espesor.

O obxectivo desta obra á a creación dunhas estruturas de paso en bo estado que permitan unha circulación segura facilitando condicións de accesibilidade e comodidade e igualmente mellorando a súa estética, aspectos que se levarán a cabo mediante a demolición do pavimento de baldosa e bordillos existentes colocando pezas prefabricadas de bordillo e capa de formigón con acabado tipo raiado, de xeito que o pavimento resultante poida cumprir coa normativa vixente de accesibilidade.

Por outra banda, a Xunta colabora tamén co Concello na aportación de 266.500 euros para levar a cabo a ampliación e mellora de 1,2 quilómetros de beirarrúas na estrada autonómica LU-113, no núcleo urbano de Castro Ribeiras de Lea.

Os traballos realizaranse entre as proximidades do cemiterio de Duarría e o centro urbano, á altura do cruce entre a praza Galicia e a praza



Desmontaxe das gradas do campo de fútbol

Irmáns Fernández Quintana.

E tamén se deu conformidade á segunda fase das obras, que se executarán dende o campo da feira ata a residencia de maiores.

## RAMÓN FALCÓN

O Concello de Castro de Rei comezou as obras de construción dun aparcadoiro diante do colexio Ramón Falcón. Trátase dun espazo público para contedores e para que os coches que aparcan na acera o fagan alí. Actualmente estase desescombrando pero aínda tardará en estar listo.

## REDE VIARIA

O Concello levou a cabo obras de mellora da rede viaria local. En Dumpín realizouse a renovación completa da capa de rodadura dos accesos e travesía do pobo, con aglomerado en quente. Este proxecto contou cun orzamento de

42.381 euros e favorece tanto ao tráfico rodado como á seguridade vial nesta zona.

## MARQUESIÑAS

A Xunta de Galicia instalou dúas marquesiñas na estrada LU-113 ao seu paso polo Concello para mellorar o servizo ás persoas usuarias do transporte público. Nestes elementos empregouse madeira de piñeiro con deseños integrados na paisaxe.

## ALUMEADO

O Concello de Castro continuará co seu plan para a mellora da eficiencia enerxética a través da instalación de lámpadas de baixo consumo con tecnoloxía LED.

Unha das liñas de traballo realízase en colaboración coa Deputación e o IDAE. En Castro de Rei xa se realizou o cambio completo e fíxose unha primeira fase en Castro Ribe-

# Homenaxe a Crecente Vega



Acto de homenaxe ao autor de Ponte de Outeiro

Baixo o carballo de Luxís tivo lugar o acto de homenaxe ao sacerdote, latinista e poeta chairego Xosé Crecente Vega (nado en Castro de Rei no 1896 e falecido en Segovia en 1948), organizado pola Comisión Crecente Vega e polo Concello de Castro de Rei con motivo do 125º aniversario do seu nacemento.

As persoas presentes no acto lembraron a figura de Xosé Crecente Vega como a dun dos "egrexos das Letras Galegas, considerado unha das tres coroas clasicistas, canda Noriega Varela e Aquilino Iglesia Alvariño". Foi definido como un dos "autores que axudaron a configurar a plenitude da escola poética mindoniense, con fonda impronta humanista e grande apego pola

linguaxe popular e pola paisaxe rural, e que ocupan desde sempre un lugar destacado na historia da literatura escrita na lingua propia de Galicia".

A canda os representantes da Xunta de Galicia, participaron tamén o rexedor, Francisco Javier Balado; o presidente da Real Academia Galega (RAG), Víctor F. Freixanes; o historiador, investigador e editor da obra do homenaxeado, Ricardo Polín, Regina Polín, Félix Villares e Felipe Arias, en nome do devandito colectivo que procura a visibilidade e recoñecemento do autor como figura merecente das Letras Galegas promovidas pola RAG. Tamén se presentou o libro póstumo *O mundo nun puño de remol*.

ras de Lea, que quedará completado nunha segunda fase que se executará a través dun novo proxecto. O obxectivo do Goberno local é chegar a todas as parroquias.

## ZONA RECREATIVA

O anterior obradoiro de emprego encargouse de desmontar as gradas

do antigo campo de fútbol, onde o Concello ten previsto crear unha praza e un parque infantil. Unha vez desmontada a estrutura, que servía de cuberta das bancadas, e do derrube perimetral que limitaba coa avenida da Terra Chá, o Concello traballa nun ambicioso proxecto de acondicionamento para o que solicita o apoio da Xunta.

# Avances para o Polígono



O alcalde e a conselleira de Medio Ambiente, na conversa sobre o polígono

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, adiantoulle ao alcalde de Castro de Rei, Francisco Javier Balado Teijeiro, que o proxecto de ampliación do Polígono de Castro de Rei, en máis de 40.000 metros cadrados, está moi avanzado.

A conselleira mantivo unha reunión co rexedor municipal na que abordaron o estado de tramitación desta iniciativa. A ampliación deste

proxecto levarase a cabo grazas a un convenio de colaboración entre Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Castro de Rei.

Vázquez Mejuto recordou que o IGVS ten reservado un orzamento de 275.000 euros nas contas de 2020 para materializar esta iniciativa, que ten por finalidade incrementar en 44.000 metros cadrados a superficie empresarial neste concello da provincia de Lugo.

# Obradoiros de emprego

As políticas de fomento do emprego seguen a ser unha das principais liñas de traballo do Concello de Castro de Rei. Neste obxectivo enmárcase o Obradoiro Dual de Emprego Santa Isabel IV, que comparte con Outeiro de Rei e Cospeito, e que facilita traballo e formación a 20 persoas desempregadas.

O alumnado repártese en tres módulos e en Castro de Rei forman sobre traballos de carpintería e móbile e aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e móbile para a realización do proxecto Construción de módulos de cubrición de lixo e mobiliario urbano.

Castro de Rei tamén participou no Programa Integrado de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Durante un ano facilitou a formación a cen persoas desempregadas, a maioría menores de 30 anos.

Este obradoiro foi promovido conxuntamente polos concellos de Outeiro de Rei, Rábade, Friol, Begon-



Acto de clausura do Programa Integrado de Emprego

te, Cospeito, Abadín e Mondoñedo. A iniciativa púxose en marcha cun obxectivo mínimo de inserción laboral do 35% dos participantes. Ademais de impartir o certificado de profesionalidade de limpeza en espazos abertos e instalacións industriais, as accións que se levaron a cabo incluíron técnicas para mello-

rar a busca de emprego, habilidades para realizar entrevistas de traballo, estratexias de motivación persoal ou de autoemprego. Tamén a elaboración de itinerarios de inserción individual, tendo en conta o tecido empresarial asentado nos distintos municipios e os perfís profesionais que demandan.

## Morandeira, nova vicepresidenta das cidades saudables

Tras os acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, foi nomeada como Vicepresidenta Segunda da Red Española de Ciudades Saludables. Esta entidade, sección dependente da FEMP, está adicada á promoción e protección da saúde e ao benestar da cidadanía, en concordancia cos principios de actuación correspondentes ao proxecto Healthy Cities, da Organización Mundial da Saúde. Os principais obxectivos da RECS, no que agora exerce de vicepresidenta Morandeira, son asegurar a intercomunicación das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde, así como fomentar a colaboración e a acción conxunta. Tras o nomeamento, Morandeira destacou que “é unha honra poder ser partícipe e colaborar nunha entidade tan relevante como é a Red Española de Ciudades Saludables”.

## A plataforma de venda on line conta con 15 locais

A plataforma de vendas [www.rural-sell.com](http://www.rural-sell.com) xa conta cos primeiros 15 establecementos de Guitiriz, que poderán vender os seus produtos na rede e de xeito gratuito grazas ao convenio asinado polo Concello de Guitiriz coa asociación Envaco (Emprende, Valoriza e Compite). A día de hoxe está en marcha a fase de captación e adhesión a esta iniciativa e, polo momento, hai outras 36 empresas pendentes de darse de alta, o que significa que o 36% do tecido empresarial do municipio pronto poderá comezar a vender os seus produtos a través desta plataforma. Para iso, está habilitada a páxina web <https://mercadodixitaldeguitiriz.com/> onde cada local terá unha ficha propia.

## Todo preparado para o primeiro festival de Poesía Guitirica



Todo está preparado para retomar o pulso da axenda cultural en Guitiriz coa celebración do primeiro festival de Poesía Guitirica o 12 e o 13 de xuño, no Campo da Feira. Ademais, dentro da programación do festival, tamén se inaugurou unha exposición sobre a vida e obra de Xela Arias baixo o título *Aquela nena de Sarria*, que permanecerá na Casa Habanera ata o 14 de xuño e que poderá visitarse de luns a venres en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas.

**PROGRAMACIÓN.** A rexedora guitiricense fará o saúdo institucional ás 12 horas desta feira e o pregón terá lugar ás 14 horas a cargo de Alfonso Blanco Torrado, impulsor de Xermolos e da posta en valor de Díaz Castro entre outras moitas cousas. Durante estas dúas xornadas haberá presentacións literarias como a da revista NPG GAZeta, as palestras sobre Carvalho Calero e Xela Arias, e os libros *Poema da rúa das aves* de Miguel Barrera, *Abril* de Luz Darriba, *Abecedario do país das albarizas* de Xulio Pardo de Neyra, *Lareira de Soños*, de Pas Veres, *Versos do desasosego* de Ana Barral, *Non estamos preparados para medrar* de Teresa Ríos Noya e

*Bambán de vento* de Hortensia Bautista.

A música e a poesía estarán presentes durante todo o festival coas actuacións da Escola de Música e da UNED Sénior da Coruña, o concerto de Corredores de Sombra e o recital poético musical de Paco Rivas e Tono. Ademais, haberá recitais poéticos en diferentes puntos das rúas da vila nas xornadas do sábado e o domingo, co obxectivo de achegar a poesía a toda a cidadanía.

O domingo ás 10:30 horas realizárase o roteiro de Díaz Castro, guiado por Raúl Río e no que participarán tamén os rapaces e rapazas do IES Díaz Castro. Desde hoxe e ata o xoves, 10 de xuño, ás 19 horas estará aberto o prazo para anotarse a través do correo electrónico [biblioteca@concellodeguitiriz.com](mailto:biblioteca@concellodeguitiriz.com) ou na seguinte ligazón: <https://bit.ly/34Uul5B>. O Concello habilitará un bus para desprazarse ata o punto de inicio.

O domingo ás 19 horas, como peche do festival, terá lugar a entrega de premios conxunta do certame poético *Vilariñas*, presentado por Luz Airado, e do premio Xosé María Díaz Castro, presentado pola concelleira de Cultura, Ainara Pérez. No acto haberá tamén actuará Eugenia Sanmartín.

## Aumentan o orzamento para distintas melloras

O Concello de Guitiriz presentará no pleno ordinario de hoxe, 27 de maio, unha proposta de suplemento de crédito valorada en 198.417 euros e que inclúe diferentes proxectos de mellora de infraestruturas, camiños e saneamento.

Este paquete de investimentos, que se executará valéndose do remanente de tesourería, inclúe a mellora da contorna da piscina municipal Sete Muíños, un proxecto que conta cun orzamento de 30.000 euros e que permitirá ampliar a zona verde e crear unha piscina máis pequena e de menor profundidade para uso dos máis pequenos.

O maior importe deste suplemento, 100.000 euros, destinarase á reparación de estradas e camiños. O obxectivo é complementar aquelas actua-

cións de pavimentado que se están a acometer a través do Plan Único da Deputación de Lugo e cubrir o máximo posible as necesidades que ten a rede de vías municipal.

Por outra banda, consígnanse 40.000 euros para a reparación e mellora de elementos funcionais da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Guitiriz e 30.000 euros para financiar o proxecto de mellora da rede de saneamento entre as rúas Lagoa e Xermolos, que conta cunha subvención do Plan Hurbe da Xunta de Galicia e que permitirá resolver os problemas de acumulación de áreas que provocan estragos nos equipos de bombeo e que tamén están a ocasionar a perda do material de recheo do firme.

## Concello pacta con ADIF aparcar o plan para Parga se non hai aprobación

O Concello de Guitiriz logrou, tralas últimas conversacións mantidas, o compromiso de ADIF de non executar o proxecto de supresión dos pasos a nivel en Parga se non se conta coa aprobación veciñal.

Desde a entidade ferroviaria comprométese a aparcar o investimento en Parga contemplado nas obras que o Ministerio de Transportes ten previstas para o Corredor Atlántico se nin o Concello nin os veciños e veciñas están convencidos con algunha das diferentes opcións postas sobre a mesa para levar a cabo a supresión dos pasos a nivel ao non contemplarse a construción dunha variante.

Agora Marisol Morandeira trasladalle este acordo á veciñanza e,

se o aceptan, o Concello enviará un escrito de obxección a ADIF solicitando que non se faga a actuación prevista na vía do tren desta parroquia baseándose no rexeitamento a esta por parte da corporación municipal e dos veciños.

A rexedora destaca que “sempre quixemos ir da man da xente de Parga e nunca estivemos dispostos a aceptar calquera proxecto que fose contra os seus intereses” e lembra que “no 2018 xa aprobamos en pleno unha moción rexeitando o proxecto inicial proposto por ADIF e, a partir dese momento, e como é o noso deber, escoitamos as outras posibilidades que propuxeron sen que chegase a convencer nos ningunha”.



**FUTGAL.** O Colexio Plurilingüe Lagostelle foi a sede da caravana Xogando con Futgal da RFGF, un proxecto educativo pioneiro cuxo obxectivo non é outro que promover un estilo de vida saudable e a práctica deportiva en numerosos centros educativos de Galicia.

**LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE**

Preparamos comidas para llevar por encargo





**BODAS - COMUNIONES - BANQUETES** zona para Boda Civil [www.lacasilla.es](http://www.lacasilla.es)

## Abre o prazo do programa de conciliación familiar de verán

O Concello de Guitiriz acaba de abrir o prazo para enviar as solicitudes para participar no seu programa de conciliación familiar para as vacacións de verán, que ten o obxectivo de axudar a conciliar a vida laboral e familiar facendo especial fincapé naquelas familias que estean nunha situación de maior vulnerabilidade.

Esta actividade, que terá como punto de encontro a Casa Habanera principalmente, desenvolverase en catro quendas: a primeira do 1 ao 15 de xullo, a segunda do 16 ao 30 de xullo, a terceira do 2 ao 13 de agosto e a cuarta do 16 ao 31 de agosto. Establecéronse dous horarios diferentes, o ordinario será de 10 a 14 horas e está dirixido só a nenos e nenas nados entre o 2012 e o 2017, e un extraordinario, que será a partir das 8:30 horas para todas aquelas familias que precisen unha xornada máis ampla.



O prazo para anotarse remata o 22 de xuño e poderá formalizarse a inscrición de xeito telemático, a través da sede electrónica, ou presencial na casa do concello pedindo cita previa no teléfono 982 370 109. Darase prioridade a aquelas familias nas que os proxenitores estean a traballar e tamén ás familias empadroadas en Guitiriz, en situación de especial vulnerabilidade ou especialmente prexudicadas pola situación causada pola covid.

## Saídas e campamento

Tamén quedan uns días de prazo para anotarse ás actividades de xullo do seu campamento de verán, que inclúen saídas con propostas deportivas e de ocio dirixidas a rapaces e rapazas de 8 a 16 anos. O luns 5 de xullo terá lugar a primeira actividade cunha viaxe a Valdoviño para practicar surf e padel surf. O xoves 8 e o venres 9 de xullo realizarase unha saída ao Galipark de Padrón. O luns 12 de xullo o desprazamento será a Viveiro para facer kaiak e visitar o parque de aventura. Por último,

o mércores 14 de xullo os nenos e nenas vivirán unha xornada de ocio no parque acuático de Cereda. O paquete completo de actividades terá un custe de 115 euros para os empadroados e de 160 euros para os non empadroados. Ademais, poderán escollerse saídas soltas, pagando só o prezo estipulado para cada unha. Para máis información pode chamarse ao teléfono 982 370 109 ou enviar un correo electrónico a [info@concellodeguitiriz.com](mailto:info@concellodeguitiriz.com).

## Unidade do pleno para solicitar a recuperación dos centros de saúde

O Pleno aprobou por unanimidade unha moción do PSOE na que solicita ao Sergas que se recupere a normalidade na actividade do consultorio de Parga e tamén que se dote aos centros de saúde do municipio do persoal sanitario suficiente. “Os socialistas consideramos que a atención sanitaria no municipio actualmente está a ser deficiente, sumándose agora a escaseza de facultativos á non reapertura do consultorio de Parga”, explican na moción. Explican tamén que o equipo de goberno do Concello de Guitiriz aceptou no seu momento a proposta de peche do consultorio por parte do Sergas co obxectivo de garan-

tir a seguridade de traballadores e usuarios. “Máis de un ano despois segue pechado polo que é necesario lembrarlle á Xunta de Galicia o seu compromiso de reabrilo xa que as consecuencias de non facelo están a recaer principalmente nos veciños e veciñas. Recordamos que todo o persoal sanitario xa está vacunado e, ao igual que se está a retomar a normalidade noutros ámbitos, no sanitario é necesario facelo xa”. Por outra banda, o concello pasou de ter 5 facultativos pasando consulta a diario antes da pandemia a contar con 2 a día de hoxe, dos que só un é titular da praza e outro é enviado como apoio.

# “O traballo asociativo de base é fundamental para o rural”

**Autora do libro Lareira de Soños e impulsora da vida cultural en Guitiriz**

Falamos con Pastora Veres, escritora e autora de numerosos artigos e traballos, e sobre todo coa vida cultural de Guitiriz, en concreto dos Vilares.

**Os Vilares é o seu lugar natal, que representa para vostede?**

Os Vilares, como lugar de orixe vai comigo a onde vaia e onde viva. De feito vivín en moitos lugares pero sigo moi apegada aos Vilares, ademais a súa paisaxe e a súa paisanaxe son as principais protagonistas fundamentais do libro.

**Lareira de Soños é o seu primeiro libro?**

Lareira de soños é o meu primeiro libro aínda que nel collen varios “libros”, numerosas historias e relatos que ben poderían ser outros ...

**Que se resume nas historias de Lareira?**

A Lareira é un alegato de defensa da aldea que todos e todas temos, nós mesmas ou os nosos pais e avós, unha reivindicación de orgullo do que somos e de onde vimos e que fai protagonistas á xente anónima, aos esquecidos pola historia oficial. É unha chamada para a salvación das aldeas, hoxe envellecidas e despoboadas para salvar o país, as tradicións, a lingua, e en definitiva o orgullo do que somos.

**Como está estruturado?**

Ademais dun fermoso prólogo do mestre xornalista Man Castro, primo do poeta Díaz Castro, o libro está estruturado en catro partes, a primeira chámase De quen vimos sendo, que é unha contextualización histórica, xeográfica e etnográfica do lugar, unha segunda que se chama Os alentos que me quentaron, que é unha visión persoal das miñas vivencias na crianza na aldea, as lembranzas propias e da contorna vivencial. A terceira parte chámase As vidas silenciosas, que son as historias da xente anónima que construíu a nosa verdadeira historia e que sendo a maioría dos Vilares, ben poderían ser de calquera outra parroquia galega. A cuarta é Vilaregas de hoxe e son as historias da xente moza de hoxe que sigue ligada ao lugar aínda que non traballen a maior parte nas labores do rural. E remata con un epílogo ou reflexión miña moi persoal.



Pastora Veres, en Guitiriz

**En que consistiu o traballo realizado?**

O traballo xurdíu por unha encomenda que me fixera o poeta Manuel María en 1991 na inauguración dunha exposición de fotos antigas na Romaría Labrega da Chaira e que retome o en 2014 coincidindo coa dedicatoria a Díaz Castro do Día das Letras Galegas. Fixemos un traballo de campo moi longo con máis de 100 entrevistas polas casas, recollida de fotos e documentos e mesmo viaxes a Euskadi, Catalunya ou entrevistas tamén a través de internet con Arxentina. Foi un traballo moi enriquecedor que se foi alargando segundo o íbamos facendo, pois unhas xentes encamiñába té a outras...

**Está preparando algún outro libro?**

Neste momento estamos difundindo este traballo co documental en DVD titulado Entrar aos Vilares que dirixiu Cibrán Tenreiro, pero temos en mente publicar o ano próximo un álbum coas fotos e a historia do Armeiro de Berulfe e que incluírá tamén un documental e máis adiante non me pecho a novos proxectos literarios...

**Foi fundadora da Asociación Os Vilares e promotora da Romaría Labrega da Chaira. Como é a súa experiencia á fronte das organizacións?**

Participei desas creacións con máis persoas, entre elas o meu pai e ago-

ra tamén na creación da Asociación Socio-Cultural Os Vilares lareira de soños e a Nova Poesía Guitirica NPG e de todos eses proxectos me sinto moi orgullosa. Agora estou moi comprometida coas dúas últimas que están a desenvolver un traballo moi fermoso para Os Vilares, Guitiriz e a Terra Chá, e o libro forma parte deses proxectos.

**Que implican estas asociacións e festas para Guitiriz?**

O traballo asociativo de base é fundamental para o rural, no social, no cultural, no literario... Nós traballamos pola recuperación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial, a historia e a promoción da nosa cultura e tradicións. Entidades como Xermolos libran un papel imprescindible non só cos actos máis destacados, senón pola conexión e o compromiso que xeneran coa contorna. Trátase sempre de sumar entre todos e todas...

**É organizadora, a través de distintas plataformas nas que participa de numerosas actividades culturais e sociais, está preparando algo?**

O noso proxecto máis inmediato agora é coa NPG o Festival de Poesía Guitirica, co apoio do concello e numerosas entidades de Guitiriz. Outro paso para facer de Guitiriz unha referencia poética na provincia e no país e seguir a manter viva a memoria de Díaz Castro.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
24  
HORAS

## Rematan traballos de limpeza en depósitos



Un dos depósitos acondicionados estes días

O Concello da Pastoriza rematou estes días diferentes traballos de limpeza e mantemento das zonas públicas que implicaron ás zonas de depósitos de auga.

Así, trabóllese na limpeza e posta a punto das fontes e depósito de auga de Bretoña, no de Fitoiro, camiño e depósito de auga de Úbeda, na estación de bombeo de Vián, fontes e depósito de Loboso e Marful, depósito das Curuxeiras

na Rigueira, fontes e depósito da Pastoriza e depósito de Toucido en Úbeda.

Así, realizáronse tarefas de limpeza e desbroces do campo de fútbol de Vián, na contorna da piscina municipal, o instituto Fonmiñá, as rotondas do Carrizar e Reigosa.

Tamén se fixo o arranxo da praza, campo da festa e limpeza de arquetas en Bretoña, continuando tamén co amaño de beirarrúas.

## A Pastoriza inaugura a mostra sobre a emigración de Abanca

O alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, e responsables de A Fundación e Abanca inauguraron a exposición *Nós tamén fomos emigrantes*, que estará ata o 29 de xuño na Sala de exposicións da casa da cultura en horario de 16:00 a 20:30 horas.

Esta exposición forma parte do proxecto Corrente Cultural, unha iniciativa coa que promovemos desde Afundación, a Obra Social de Abanca, e Abanca un circuito expositivo por diferentes pobos da xeografía galega, e en colaboración cos concellos ou outras entidades locais.

*Nós tamén fomos emigrantes* recolle unha antoloxía de imaxes dos arquivos da Axencia EFE que posúe un dos fondos fotográficos máis importantes de España sobre a emigración galega e española. Son retratos próximos que narran as circunstancias vitais da xeración das nosas nais e pais e tamén de avós e avoas, que abandonaron a súa terra en procura dun futuro mellor.



Inauguración da mostra na casa da cultura

“A esencia dun fotógrafo é estar no lugar onde se produce a noticia. Un dos grandes da fotografía xornalística, Robert Capa, que foi correspondente de guerra en moitas fronteiras e acabou morrendo ao pisar unha mina en Indochina, dicía que cando a foto non é boa é porque o fotógrafo non estaba o suficientemente preto. A exposición preséntanos, en branco e negro, unha síntese das

nosas emigracións plasmada por fotoperiodistas de EFE. É a historia de miles de persoas que tiveron que abandonar a súa terra para sobrevivir. Son os anos cincuenta, sesenta, décadas de fame, de subdesarrollo, de falta de liberdade, pero tamén de construción, de aforrar a peseta para un soñado retorno”, di Miguel Ángel Gonzalo, director da Axencia EFE de 1996 a 2004.

## Abre o prazo de solicitude no Punto de Atención da Infancia municipal

O Concello da Pastoriza ten aberto o prazo de solicitudes para os novos ingresos no punto de atención a infancia ata o día 1 de xullo.

A inscrición pode realizarse nas oficinas municipais previa cita telefónica, no rexistro electrónico do Concello ou a través do correo electrónico [administracion@concellopastoriza.es](mailto:administracion@concellopastoriza.es). Haberá que presentar ademais de fotocopias dos DNIs ou libro de familia, un certificado de empadramento, a declaración da renda, a última nómina, a certificación do INEM, ou outros documentos acreditativos.

## O Concello organiza un campamento de verán

O Concello da Pastoriza organizará este ano un campamento de verán para o que xa ten aberto o prazo de inscrición, que se organizarán cumprindo a normativa covid con grupos limitados.

O campamento terá lugar entre o 28 de xuño e o 9 de xullo e haberá xogos, artesanía, visitas ou excursións á praia. Está dirixido a nenos de entre 6 e 16 anos de idade.

Os interesados en asistir poden apuntarse no número de teléfono 982 332 197 por un prezo de 45 euros. Os meno-



res nados entre 2014 e 2005 poden facer o ingreso na conta das Escolas Deportivas antes do 22 de xuño e presentar o recibo xunto á inscrición.

## Celebrarán unha charla sobre enfermidades do castiñeiro

A casa da cultura da Pastoriza acollerá o día 29 de xuño, martes, unha xornada formativa sobre a loita contra doenzas do castiñeiro, en especial sobre o chancho, coñecido como *Cryphonectra parasítica*, ou a avés, *Dryocosmus kuriphilus*.

A xornada estará impartida polo Centro de Desenvolvemento

Agroforestal de Riós, de Ourense e terá lugar de 11.00 a 14.00 horas.

As persoas interesadas en asistir deberán inscribirse con anterioridade nas oficinas municipais chamando ao 982 332 197.

Será necesario un mínimo de 15 persoas para o desenvolvemento do curso.

## Entregados os premios do certame das Letras Galegas

O alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, e o voceiro do Goberno, Constantino Fernández Leira, fixeron entrega dos premios do concurso de narración e debuxo infantil con motivo das Letras Galegas na súa fase local.

Así, en debuxo, na categoría A, ata 8 anos, os premios corresponderon a Alma Fernández Valderrama, Ariana Prieto Fernández e Guilia Nicole Moreira Martínez. A elas sumáronse os accesit de Xiana Veiga Rigueira e Yousra El Manyary.

No grupo de 9 a 11 anos (categoría B) os galardóns corresponderon a Emma Capón Cabaneiro, Xoan Zoe Riveira Pego e Assia Daryiss con

accesit para Zaida García Seco.

Finalmente, no grupo de maiores o primeiro foi para Noa García Teijeiro, seguida de Lucía María García Sandamil e Esmeralda Anello Rodríguez. Tamén houbo un accesit para Izia Capón Cabaneiro.

No apartado de narración só houbo premio na categoría B, para Xoan Zoe Riveira Pego, que obtivo o segundo en debuxo.

O xurado estivo composto los membros da directiva do colexio Constantino Fernández Leira, María Teijeiro Teijeiro e Vanesa López García; ademais da bibliotecaria Digna Iglesia Aguiar.

Os galardóns consistiron en libros.

**ATA**

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD  
PASTAS CON SALSA VARIADAS  
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA  
SABOREAR TORTILLAS

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

muras

# Muras recibe o premio Eolo á Integración Rural da Eólica

A Asociación Empresarial Eólica (AEE) fixo públicos os gañadores dos Premios Eolo 2021 nas diferentes categorías: Innovación, Fotografía, Integración Rural da eólica e Microcuentos Eólicos.

Un ano máis, AEE outorga os Premios Eolo como un recoñecemento á enerxía eólica en España, contando coa participación de máis de 300 candidatos nas distintas categorías.

O municipio de Muras alzouse co Premio Eolo á Integración Rural da Eólica na súa décima edición por tratarse dunha comarca modélica no que ao desenvolvemento eólico refírese. O xurado, reunido en Madrid o pasado 26 de maio, valorou que a implantación da enerxía eólica no territorio de Muras desde hai máis de 20 anos significou un gran impacto socioeconómico mediante a creación de emprego na comarca, así como por programas de desenvolvemento local, promoción, axudas, bolsas e servizos que incrementa o asentamento da súa poboación, benestar social para os seus habitantes e sustentabilidade na zona.

En concreto, o concello de Muras, ten unha superficie total de 163,13 km cadrados e conta con tan só 614



Muíños de vento na zona muresa do Xistral

habitantes. A potencia eólica instalada nesta localidade é de 485 MW repartidos en 15 parques eólicos e 381 aerogeradores, desenvolvidos polas empresas Acciona, Endesa, HEI do Arnoya SL, Iberdrola e Norvento. No ano 1995 comezou a construción do primeiro parque eólico nesta zona o que para Muras foi toda unha novidade, non habendo outros parques eólicos nas localidades veciñas da contorna. Estas instalacións reflectiron o importante desenvolvemento eólico na zona, que contou sempre co involucramento e colaboración de autoridades municipais, veciños

e empresas participantes, defendendo e apoiando os proxectos durante o seu desenvolvemento e establecéndose unha relación de mutua confianza. Muras quedou finalista co concello de La Higuera de Castela a Mancha.

“Sen dúbida propuxeron a nosa candidatura polo noso modelo de xustiza social, porque a riqueza que xera reverte nos veciños e veciñas a través de axudas, bonos, subvencións e mesmo cambios na infraestrutura local, cousas que non se podería ter feito sen os ingresos da eólica”, explica o alcalde, Manuel Requeijo.

## O Concello licitará este mes as obras en 14 vías do municipio

O Concello de Muras anunciou que durante este mes quedarán adxudicadas as obras correspondente ao Plan Único deste ano e que consisten en actuacións en vías en diversos puntos da rede de estradas e camiños do termo municipal.

Serán algo máis de 157.000 os que se destinarán a estas amaños de estradas que consistirán no asfaltado, limpeza de cunetas e reparacións de problemas nestas vías.

Serán 14 actuacións que se refiren a oito camiños e o resto en estradas.

Así, arranxarán os camiños de Penedos Longos, Perros, Invernés, o da Costa (na Retrebada), o da Costa da Armada na Restrebada, o do depósito de Paleira e o de Curalverllo, ademais de continuar coa obra do Camiño de Silán.

Tamén se repararán varios accesos a núcleos como o de Carracedo, Invernés e Baxín.

Completan as actuacións en estradas como a de Forcós, Cural en Carballás e a ampliación da vía Vilaríño.

## A Romaxe Artesá da Chaira volveu con éxito



Un momento da celebración, que tivo lugar a finais de maio

Muras foi a primeira en atreverse e celebrou a Romaxe Artesá da Chaira, eso si, cun formato adaptado ás circunstancias sanitarias. Contou cunha mostra de artesanía instalada na área recreativa da Veiga con 17 postos de venda, ademais de demostracións en directo e obradoiros.

As persoas asistentes puideron desfrutar de xogos tradicionais, actuacións musicais, representacións teatrais e unha actividade de iniciación á astronomía cunha obser-

vación nocturna do ceo no Viveiró. Esta foi a quinta edición desta cita e achegou a moitos visitantes que tiñan moitasa ganas de comezar a tempada de feiras de artesanía e desfrutar do bo tempo.

“Estamos contentos coa resposta da xente e co bo tempo que nos fixo pero xa era tempo de volver a retomar as cousas tralo parón e volver facer cousas pouco a pouco, ademais hai que pensar que moita xente vive da artesanía”, explica o alcalde.

Inmobiliaria JRoca

**ROCA ABOGADOS**

<p><b>Muras 2, Vilalba</b> Piso   3 Dorm   1 Baño   80m<sup>2</sup> <span style="float: right;">95.000€</span> En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.</p>
<p><b>Codesido 16, Vilalba</b> Casa rural   5 Dorm   2 Baños   254m<sup>2</sup> <span style="float: right;">90.000€</span> En la parroquia de Codesido, municipio de Vilalba (Lugo), a 7 km del centro de Vilalba, se vende casa de 254 metros, 2.400 metros de finca y tres construcciones agrícolas de 46, 24, 103 metros.</p>
<p><b>Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba</b> Casa / Chalet independiente   6 Dorm   3 Baños   449m<sup>2</sup> <span style="float: right;">340.000€</span> En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet unifamiliar para vivir en época de pandemia y postpandemia, a un paso de las playas (30 minutos de la costa de Lugo), nudo de comunicación de autovías, a cinco minutos andando del centro, con todos los servicios andando en un radio de diez minutos. Si miramos al Sur, las vistas son el bosque y pradera y al frente, el jardín. Consta de 449 metros, listo para entrar a vivir, en los cuales tenemos un amplio salón, sala de estar, despacho, 6 dormitorios, 3 baños y un aseo, cocina, garaje, bodega, calefacción de gas ciudad. Si necesitas desprenderte de parte del terreno, puedes vender para construir, sin afectar al chalet. Una casa llena de posibilidades. Precio negociable.</p>
<p><b>Mato Vizoso 6, Vilalba</b> Edificio residencial   183m<sup>2</sup> <span style="float: right;">100.000€</span> En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.</p>
<p><b>O Campo 2, Xermade</b> Casa rural   2 Dorm   1 Baño   89m<sup>2</sup> <span style="float: right;">27.000€</span> En la parroquia de Cazas, municipio Xermade (Lugo), se vende casa rústica para reformar. La finca de la casa tiene 4.800 metros y sobre ella, además de la casa, hay un hórreo y diversos alpendres.</p>
<p><b>Pegueira 1D, Abadín</b> Casa rural   3 Dorm   1 Baño   296m<sup>2</sup> <span style="float: right;">50.000€</span> En la parroquia de Galgao, municipio de Abadín (Lugo), se vende una casa unifamiliar independiente con una finca de 4500 metros cuadrados. La casa tiene una superficie, entre las dos plantas, de unos 200 metros. El resto de la construcción se corresponde al garaje y al almacén. La casa está situada a medio kilómetro de la A-8 y a unos 20 minutos de la costa.</p>
<p><b>Basanta Silva 8, Vilalba</b> Piso   5 Dorm   2 Baños   200m<sup>2</sup> <span style="float: right;">170.000€</span> En la localidad de Vilalba (Lugo) se vende piso muy céntrico, de 5 habitaciones y sala, 2 baños, cocina amueblada, trastero y ascensor. Dispone de plaza de garaje en otro edificio próximo.</p>
<p><b>Calvario 52, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   2 Baños   140m<sup>2</sup> <span style="float: right;">80.000€</span> En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual. Esta a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 de A Coruña y de la costa de Lugo.</p>
<p><b>Biletas, Abadín</b> Casa rural   3 Dorm   1 Baño   200m<sup>2</sup> <span style="float: right;">55.000€</span> La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.</p>
<p><b>Sancobad s/n, Vilalba</b> Terreno / No urbanizable   5.105m<sup>2</sup> <span style="float: right;">33.000€</span> Se vende parcela de unos 5000 metros, situada a unos 3 km del Vilalba, en la que existe una construcción de unos 80 metros, que dispone de luz y agua. La finca está plantada con pinos, que están para cortar.</p>
<p><b>Grupo As Fontiñas 1, Vilalba</b> Piso   4 Dorm   2 Baños   99m<sup>2</sup> <span style="float: right;">45.000€</span> En Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Muy luminoso y próximo a los colegios.</p>

**Inmobiliaria JRoca** C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles  
Comunidades - Penal  
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ª, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720  
[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)

## A Xunta de Goberno aproba licitacións de obras en estradas

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade reuniuse en sesión ordinaria o pasado mércores 12 de maio. Entre os asuntos que se trataron, cabe destacar a licitación do proxecto Mellora de camiños en Sanche, Piñeiro e O Tarrelo, financiado con cargo ao Plan de Mellora de Camiños 2021-2022 de Agader, por importe de 69.515,71 euros (IVE incluído); e de dous investimentos financiados con cargo ao Plan Único 2021: Reparación de estradas en Picoucelo, Vilacide, O Rego, Nova, Gandia, A Pinguela, etc., por importe de 105.382,00 euros (a achega municipal ascende a 15.325,20 euros); e Reparación de estradas en Mómán, Bidueiro, Pena de Arca, etc., por importe de 80.965,64 euros. Douse conta da concesión dunha



axuda convocada por Resolución do 18 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Formación Profesional, pola que se conceden axudas a entidades locais territoriais e entidades públicas dependentes das entidades locais territoriais para a creación de aulas

de formación aberta, flexible e a distancia mediante tecnoloxías da información e da comunicación a través de Aula Mentor, recibida o 30/04/2021 (registro nº 2021-E-RC-706), pola que Xermade resulta beneficiaria por importe de 4.000,00 euros.

Por último, púxose en coñecemento da Xunta de Goberno Local a inadmisión por parte da Consellería de Medio Ambiente da solicitude de beirarrúas en Roupar, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2021 (publicada no DOG o 8 de marzo), por esgotamento do crédito. Segundo publicou a Consellería no DOG o 28 de abril, a última solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do crédito entrou ás 00.09.43 horas do 9 de marzo.

## Nace Xermola

### A asociación busca recuperar a área fluvial de Acea, en Cabreiros

Xermade Mola ou Xermola é un proxecto que busca recuperar a Área Fluvial da Acea, en Cabreiros, como un espazo público de calidade para o desfrute da veciñanza.

Nos últimos anos o despoboamento do rural veu acompañado de dinámicas nas que nalgúns casos se entendeu que a cidadanía do rural non precisaba de acceso a servizos, á cultura ou de parques e zonas verdes habilitadas. Froito diso no Concello de Xermade por exemplo, existen moitas áreas de grande potencial que non teñen o uso que podería darse nelas.

Unha estratexia a longo prazo, que incentive políticas de renovación non só da infraestrutura existente, senón que poña en valor as áreas naturais, podería ser o punto de partida para unha mellora da autoestima veciñal, para o desfrute do territorio ou para poder facer uso con dignidade dos equipamentos que hai na contorna.

Así, con este pretexto naceu o proxecto Xermola, da man de catro novos arquitectos e a participación veciñal para a transformación social do municipio do rural galego.

Esta contorna fluvial atópase preto do campo de fútbol e da estrada que une As Pontes con Xermade por iso foi lugar de moi-



Unha imaxe da área recreativa

tas actividades e visitas. E está vinculada directamente co roteiro do río Trimaz posto que a o punto inicial é ese.

No pasado, a Acea de Cabreiros serviu de "piscina" para que moitos veciños aprenderán a nadar e tamén era moi frecuentada durante a tempada de verán. Foi una zona que marcou gratamente a vida dos xermadeses e veciños chairegos.

Tamén foi lugar de celebración das xornadas tradicionais que ano a ano se ían realizando dentro da programación Xornadas Interxeracionais Rurais.

O proxecto de recuperación da área queren presentalo as diferentes administración galegas para que lles axuden na mellora de esta contorna natural. Ademais, presentaron o proxecto a un con-

curso internacional N'ODStudent, que premia as iniciativas que axuden a mellorar a vida das persoas coa mellora da contorna, malia esta iniciativa non saíu adiante xa que había 70 propostas dos cinco continentes e todas elas dun valor natural inmenso.

Pero quizáis o máis bonito deste proxecto son os recordos, e por este motivo, os seus rehabilitadores crearon una páxina web en Facebook na que convidaban e convidan a todo o mundo a compartir as súas lembranzas con fotos de merendas, domingos e familias desfrutando do espazo. E a verdade é que xa levan unhas cantas fotos... o que da a entender que esta acea é e será moi querida polos seus veciños e ten un potencial enorme que non se pode desperdiciar.

## Nova edición en Cabreiros das Xornadas Interxeracionais Rurais

As Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros, canceladas en 2020 pola pandemia, volven celebrarse este ano pero con limitacións de aforo e dando prioridade ao acto on line.

As xornadas arrincaron o sábado 5, coa presentación do libro *Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e recursos interxeracionais no rural*, coordinado por Xosé Manuel Felpeto e Xesús Rodríguez e no que prólogos estiveron ao cargo de Antón Costa Rico e Mariano Sánchez Martínez.

Continuarán o sábado 12 coa entrega do VII Xermade na Historia, que recaeu en Rafael Quintiá coa obra *A aboreada das mázcaras*. Estudo histórico e antropolóxico dos entroidos tradicionais de Xermade.

Finalizará a sesión co presentación do libro *Xermade na Historia*. II Edición, nun acto moderado por Lucía Guizán Trastoy na que



participan entidades organizadoras, persoas premiadas e membros do xurado.

Este ano haberá posibilidade de asistir de forma presencial. De ser así, para asistir hai que reservar praza no 686 104 780. Tamén poderá seguirse a sesión vía streaming a través do canal de youtube.

## Aprobadas as bases para pedir as axudas por nacemento

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade aprobou as bases para a convocatoria das axudas a familias para nacementos, adopcións e acollementos.

Como en anos anteriores, estas axudas teñen unha contía de 900 euros por familia, ata cubrir o crédito máximo que pon o Concello que é de 7.200 euros.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases os proxenitores de fillos/as nados/as do 1 de decembro de 2020 ao 30 de novembro do ano 2021, sem-

pre que conste acreditado o empadroamento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2020.

O prazo para solicitarse abrirase en canto sexan publicadas no Boletín Oficial da Provincia. Este estará aberto ata o 30 de novembro de 2021. Deberan presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Xermade de 9:00h a 14:00h.

Outorgaranse as axudas por orde de data de nacemento, adopción ou acollemento, ata esgotar o crédito previsto na partida correspondente.

## Pódense pedir os permisos para as fogueiras de San Xoán

O Concello de Xermade vén de informar que xa se poden pedir os permisos para as fogueiras ou cacharelas de San Xoán 2021.

Estas solicitudes deberán pedirse no Concello entre os días 14 e 18 de xuño, ambos incluídos, en horario de 9 a 14.00 horas, e sempre pedindo cita previa por mor do coronavirus.

Para tramitar os permisos é necesario comunicar os datos da persoa responsable do mesmo, nome e apelidos do solicitante, así como o seu número de DNI, o enderezo de residencia e a localización na que se vai a realizar a fogueira. Tamén advertiu de que quedan prohibidas os lumes en espazos públicos.

# Begonte recibe unha axuda para a calefacción da antiga cámara agraria



Imaxe de arquivo da cámara agraria durante as obras

O Concello de Begonte solicitou unha axuda económica, ao abeiro da Resolución do 19 de xuño de 2020, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para proxectos de enerxías renovables térmicas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Esta aportación, que ascende a 47.199 euros e que se financia o 80% cunha axuda do Instituto Enerxético

de Galicia (Inega), é para o proxecto de instalación dunha caldeira de biomasa na antiga Cámara Agraria a cal conectarase a instalación existente que alimenta aos radiadores da Casa do Concello ademais dos propios do edificio onde se instala.

Recibiuse a resolución de concesión ditada polo director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para a realización da obra de instalación da Caldeira de Biomasa, a cal neste momento estase a executar pola adxudicataria Aserener SLU.

## Licitan as obras de rehabilitación integral do CEIP Virxe do Corpiño



Obras que se fixeron no colexio durante o curso

Xa están en licitación as obras de rehabilitación integral do CEIP Virxe do Corpiño, que contan cun orzamento de 545.600 euros.

O procedemento de contratación tramítase pola vía de urxencia coa previsión de aproveitar as vacacións de verán para iniciar as obras, que teñen un prazo estimado de execución de cinco meses. Boa parte do investimento neste colexio está orientado a medidas de eficiencia enerxética, que conseguirán un aforro do consumo e das emisións contaminantes á atmosfera. Así, substituiranse as carpinterías exteriores por outras

de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisivivo, incluso as caixas de persiana existentes por un sistema con illamento incorporado. Tamén se colocará un novo illamento exterior e cambiaranse as luminarias outras tipo LED con equipos de regulación e detección de movemento. Está previsto habilitar unha nova aula de infantil e instalar un ascensor e unha escaleira, ademais de cambiar os falsos teitos por paneis con illamento acústico de lá de roca, renovar baixantes en mal estado e realizar melloras en acabados de paredes e pavimentos.

### EN BREVE

**ITV.** A unidade móbil da ITV entre os días 18 e 22 de xuño en Begonte para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás o primeiro día que será só de mañá. A unidade móbil estará situada no polígono industrial. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

**NAVE.** O voceiro provincial do PP, Javier Castiñeira, criticou á Deputación porque “non quere poñer en valor todas as parcelas e todo o patrimonio que deixou Suplusa”. Cita neste sentido o caso da nave cedidas por Manuel Mallo, unhas instalacións que son da Deputación de Lugo, que tamén as herdou de Suplusa. Lembra que “foi unha cesión para que a Deputación as puxera en valor, para que houbera actividade ao redor deste taller de cantería, para non perder un oficio tan significativo nesta zona; este proxecto está parado, sen executar, e non nos gusta”. “No 2023 Manuel Mallo cumpriría 100 anos e esas naves deben estar funcionando para entón”, dixo.

concellodefriol.es

Un Paseo por el  
Corazón Verde  
de Galicia

CONCELLO DE

# FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

## O PSOE demanda a creación dun servizo de madrugadores

O voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz, presentou unha moción, para ser debatida no vindeiro Pleno, co fin de que o Concello se implique economicamente coa Asociación de Nais e Pais do Alumnado do Colexio do Público Aquilino Iglesia Alvariño e poidan acceder ao servizo de madrugadores, así como un programa de actividades extraescolares para o vindeiro curso 2021-2022.

O voceiro Socialista remarca que presenta esta solicitude tralas peticións realizadas polas nais e pais do colexio ao Grupo Socialista de Abadín na que lles trasladou esta demanda. "Queremos que as familias da nosa vila poidan conciliar a vida familiar e laboral, por iso entendemos que este servizo é fundamental para mellorar a calidade de vida

dos veciños con servizos públicos útiles, eficientes e que dean resposta ás verdadeiras demandas".

Así as cousas o programa Madrugadores consiste na ampliación do horario de apertura co centro educativo, durante todos os días lectivos, daqueles centros públicos onde se implante este servizo. Xeralmente a coordinación destas actividades é contratado e xestionado polas asociacións de nais e pais.

Por outra banda, o voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz avanzou que rexistrou a petición da celebración dun pleno extraordinario, polo incumprimento do alcalde xa que non se celebrou a reunión ordinaria de maio, para coñecer as iniciativas do PP en relación á creación de emprego na vila.

## Abadín acolle un curso pioneiro en formación con realidade virtual

O Concello de Abadín acollerá o primeiro curso que se impartirá en Galicia con formación en realidade virtual, tal e como anunciou o seu alcalde, José María López Ranzaño.

O curso, de primeiros auxilios, contará con tres vías principais de traballo, como apagar un lume, como reanimar a unha persoa e como actuar fronte a un perigo. Así, será 15 días de formación, totalmente gratuítas, que Estudos R@fer impartirá en Abadín esta iniciativa que permite ao alumno vivir en primeira persoa a experiencia e a situación de risco.

A formación impartirase en realidade virtual inmersiva, que é



unha ferramenta para dar un slato de calidade nas formacións, xa que é unha tecnoloxía que permite simular escenarios altamente realistas para poñer en situación

aos alumnos e así garantir o impacto da formación.

Os interesados en participar nesta formación poden inscribirse no Concello.

## Gañadores das Letras Galegas

A Biblioteca pública municipal de Outeiro de Rei deu a coñecer a relación de nenos e nenas premiados no Certame de Narración e Debuxo infantil das Letras 2021 na súa convocatoria local.

Así, na categoría de debuxo resultaron premiados na categoría A, ata 8 anos, Yanira Casanova Sánchez, Iago Río Pernas e Alicia González Núñez cun accesit para Dolores T. Otero Fidelis.

Na categoría B, para nenos entre 9 e 11 anos, os premios foron para Paula Novás Fernández, Daniel Vidal Martínez e Lara García Pérez tamén cun accesit que foi para Uxía Pin Barreiro e Cora Hernández Souto.

En narración tamén houbo fallo para a única categoría en concurso, a B. Gañaron Diana Lakshmi Batigué Andrade, Galia Cabarcos Varela e Iris Peña Piñeiro con accésit para Iratxe Toticabuena Rodríguez.

## Suspendida a Feira de artesanía

O Concello de Outeiro de Rei acordou por segundo ano consecutivo a suspensión da Feira da Artesanía de Outeiro de Rei prevista para o primeiro sábado do mes de xullo.

"Aínda que situación actual, derivada da crise sanitaria ocasionada pola covid-19, é bastante mellor que a do ano pasado por estas datas, a incerteza que aínda acompaña a evolución da pandemia, unido á necesidade de tomar unha decisión cunha certa antelación tratando de evitar maiores prexuízos a expositores e empresas subministradoras dos servizos que require este evento, determinaron non alargar máis a toma desta decisión por parte do goberno municipal", indican dende a organización.

"Evidentemente, non foi unha decisión fácil a cancelación deste popular evento que normalmente



Unha imaxe da feira de fai dous anos

atrae a preto de cen expositores e numeroso público a esta localidade, anulación que seguramente supón un esforzo para as persoas que virían a gozar da feira pero seguramente moito máis, para aquelas outras que virían a traballar na mesma; tamén para o

propio Concello de Outeiro de Rei que espera que a feira teña continuidade o próximo ano", recalcan. A feira coincide tamén todos os anos con outro tipo de eventos como a festas de Santa Isabel, o certame de pintura rápida ou a carreira.

## outeiro de rei

### Rematan as obras do Plan Marco de 2019 en Outeiro de Rei

O Concello de Outeiro de Rei, mediante Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se aproba o Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, realizou a obra de Mellora de camiños nas parroquias de Candaí, Cela, Folgueira e Paz.

Esta actuación está subvencionada por Agader coa na cantidade de 48.613,00 euros e cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

A mellora de camiños é unha das obras máis demandadas polos veciños deste concello que ten unha gran extensión de terreo e poboación moi dispersa.

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

**A Lareira**  
Taberna Galega  
Restaurante

Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842



# TERRA CHÁ

## A covid-19 marcha a poucos

Vilalba sae da zona de alerta e melloran as cifras de incidencia na comarca

O pequeno gromo detectado en Vilalba quedou vencido estes días polo que a vila recuperará a normalidade no tocante a restricións a partir do sábado 12 de xuño.

E non só Vilalba mellora, no resto de concellos todo son boas novas, o único preocupante é Outeiro de Rei, que ten unha incidencia elevada pero os casos tampouco se disparan. A maioría de feito, están limpos de covid dende hai polos menos quince días.

No resto da provincia, continúa o descenso de casos activos e de hospitalizados mentres segue a vacinación masiva da poboación, xa no tramo de idade de 40 a 50 anos. Viveiro e Xove son os únicos concellos da provincia con restricións, os dous en alerta media.

**ALIVIO DE RESTRICIÓN.** O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que a próxima semana haberá unha nova normativa integral actualizada que entrará en vigor entre o día 19 e o 26 de xuño sobre todas as actividades afectadas pola covid,



como a hostalaría, culturais, deportivas, parques acuáticos, etc.. Pero adiantou xa algunhas das novas medidas que entrarán en vigor o sábado 12 de xuño e que pasan por eliminar a prohibición de reunións entre non conviventes a partir da unha da madrugada e ata as seis, aínda que se segue recomendando a prudencia. Na hostalaría poderán reunirse ata seis persoas por mesa en interiores, pero soben a quince as que se poden xuntar nas terrazas, á es-

pera de que se suspendan definitivamente as restricións impostas polo Ministerio de Sanidade. Ademais, amplíase o horario dos bares ata a unha da madrugada, co requisito de que garantan a calidade do aire. Tamén está previsto que abra o ocio nocturno pero a partir do 1 de xullo. Por último, ampliáranse os aforos para as actividades ao aire libre de nenos e moos e as de campamentos e albergues de peregrinos.

## Funcionarios de pequenos concellos quedan sen vacinar por un problema burocrático

Un grupo de funcionarios de máis de 60 anos de Galicia manifestaron sentirse “marxinados” polo Sergas ao non ter recibida a vacinación contra o coronavirus nin estar previsto que a reciban.

Trátase en particular daqueles funcionarios que cando entrou en vigor a lei de 1984, na que tiveron que escoller con que cobertura médica quedaban, optaron por unha mutua sanitaria privada xa que a partir dese momento o resto quedaban baixo a cobertura da Seguridade Social. Así o explica un dos funcionarios do Concello de Xermade de 62 anos con 40 de cotizacións ao seu lombo.

Malia seguir cotizando relixiosamente á entidade pública, estes traballadores, a maior parte deles maiores de 60 anos, atopáronse agora con que non están nas listaxes de Sanidade para a vacinación. De feito, o seu rango de idade xa tiña que estar vacinado ou polo menos convocados.

Nun primeiro momento estas per-



soas recibiron a notificación de que sería Adeslas a que xestionaría a súa vacinación para que Sanidade os incluíse na listaxe. A mútua asegurou posteriormente que a Xunta lles obriga a facer eles a vacinación aínda que non teñen acceso ás doses. Situados nun limbo legal, estes funcionarios, que se puxeron en contacto coa Xunta de Galicia, recibiron a notificación de que poderían optar á vacinación a través do sistema que utilizan os desprazados. “45 minutos de espera ao teléfono para seren tratados como desprazados, cando levamos toda a vida cotizando como o resto de persoas”, explica o funcionario de Xermade.

## As acompañantes do transporte de Guitiriz e Baamonde logran o compromiso de Monbús



As acompañantes dos buses chairegos

A CIG informa que as traballadoras do servizo de acompañantes da empresa XG833 Gómez de Castro SA, Luber SL, Autocares Carreira do grupo Monbús, que realizan o servizo de transporte escolar para o colexio de Guitiriz e Baamonde e Instituto de Guitiriz, “empezan a ser tidas en conta pola empresa”.

A meirande parte das traballadoras afectadas foron convocadas para unha reunión na sede do grupo Monbús e finalmente conseguiron recibir os equipos de protección individual (chalecos e mascarillas) “que

tanto tempo levaban a demandar”, din. “Este é un paso importante no recoñecemento dos seus dereitos, pero a labor está incompleta”, aseguran.

Indican que onde non se conseguíu avanzar é na regularización da xornada realmente prestada así como no seu rexistro horario, “onde quedou claro que se evidenciaron diferencias considerables que, probablemente terán que ser resoltas polas autoridades laborais, de non atender a empresa á realidade laboral destas traballadoras”.

## O programa Actívate da Deputación dobra as prazas

A Deputación de Lugo continúa co programa Actívate e adáptase á nova normativa sanitaria cun aumento de prazas para todas as actividades. Todas as propostas realizadas ao aire libre contan, dende esta fin de semana, con 15 prazas, 7 máis que ata o de agora. Actívate é unha iniciativa da Deputación para promover o turismo activo, científico e mindfulness nos concellos da provincia, favorecendo deste xeito a recuperación do turismo, a hostalería e o comercio despois do impacto da pandemia. Realizouse na Serra do Xistral a única actividade nocturna do programa, Os increíbles ceos do Xistral, que permitiu dar a coñecer os estrelados ceos deste espazo natural. Hoxe domingo, o Castro de Viladonga acolleu unha proposta para descubrir este espazo histórico, Aventura no Castro de Viladonga. Estas actividades, que arrancaron en maio, levaranse a cabo todas as fins de semana deste mes xuño.

Ata o de agora, as iniciativas tiveron unha gran acollida e esgotaron

as prazas nas primeiras xornadas tras a apertura de inscrición. As persoas interesadas en participar nas próximas iniciativas deste programa poden inscribirse na páxina web <http://inscripciones.deputacionlugo.org/gl/tema/activate>. Para máis información poden chamar ao teléfono 982.260.011 ou enviar un correo electrónico a [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org).

### Próximas actividades

As actividades do programa Actívate das próximas semanas son as seguintes:

- 12 de xuño: Sendeirismo Castelo de Pambre e torrentes do Mácara, Palas de Rei
- 13 de xuño: Surfeando na costa da Mariña, en Foz
- 19 de xuño: Introducción ao Tai Chí, en Guntín
- 20 de xuño: Descubrindo as pegadas da fauna, na Fonsagrada
- 26 de xuño: Sendeirismo na Mariña occidental, no Vicedo
- 27 de xuño: Kaiak no río Eo, en Trabada.

## EN BREVE

**ESTRADA MUIMENTA.** A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou unha nova actuación para continuar avanzando na mellora da rede de estradas provincial. En concreto, acordouse licitar obras para a renovación dos 11 quilómetros da LU-P-4401, a estrada provincial que comunica A Pastoriza e Muimenta, ás que a institución destina un investimento de máis de 362.000€. As actuacións nesta estrada provincial consistirán na rexeneración do aglomerado por tramos e na reposición da pintura da vía.

**GRAFFITI.** O Servizo de prevención de Condutas Adictivas da Agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza unha actividade gratuíta de ocio alternativo saudable a través dun obradoiro de Graffiti en cada Concello. Os destinatarios son rapaces de entre 11 e 18 anos que teñen ata o 15 de xuño para inscribirse nestes curso que se desenvolverá no mes de xuño aínda que as datas están sen concretar. A inscrición pode facerse enviando un mail a [prevenciondrogas@rabade.org](mailto:prevenciondrogas@rabade.org) indicando o nome e apelidos, teléfono, idade e Concello ou chamando ao 982 390 062 de 9.00 a 14.00 horas.

# DEPUTACIÓN

## O Pleno acorda pedir a Feijóo que financie os centros de maiores

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia que asuma as competencias ás que está obrigada por Lei e que “lle pague o que lle debe aos veciños e veciñas da provincia” en materia de residencias. Este é o contido do acordo que sacou adiante no Pleno ordinario deste martes o Goberno provincial, que aprobou abrir un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para que asuma tanto a financiación dos Centros de Atención a Maiores da institución, como a súa inclusión na rede pública de residencias autonómicas. A proposta recolle tamén reclamar ó Goberno galego que modifique o seu modelo macro residencial para fortalecer e consolidar unha rede galega de residencias públicas de pequeno tamaño que garanta a permanencia dos maiores no seu entorno, mellorando a atención e xerando emprego de calidade que contri-

búa a fixar poboación no rural. Pola súa banda, o PP negouse, unha vez máis, a que a Xunta asuma a súa obriga legal, recollida tanto no Estatuto de Autonomía como na Lei de Servizos Sociais, de contribuír ao financiamento dos servizos de atención ás persoas maiores na provincia. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, recalca que, por Lei, a Xunta debe “contribuír a esa gran labor da que estamos moi orgullosos na Deputación” porque ata agora “non aportou nada, nin para a construción, nin para o financiamento dos centros de atención a maiores provinciais”. “Tratar de xustificar que a Xunta colabora coas libranzas vinculadas é, ou non ter nin idea, ou ser hipócrita, porque estas son un dereito dos usuarios e usuarias, que a Xunta lles ten que dar porque non ten prazas públicas de residencia suficientes”.

## Os circuitos teatrais comezarán no verán

A Deputación traballa na definición dos circuitos de teatro afeccionado e profesional para comezar coas actuacións de cara ao verán. Así, confirmouse que se volverá crear un catálogo de obras e grupos para ofrecer as súas actuacións a concellos e asociacións.

Programaranse preto de cen actuacións de grupos afeccionados e profesionais cun investimento de 100.000 euros, “uns recursos que ademais de contribuír directamente á dinamización cultural das comarcas e concellos son un incentivo para a formación e a compra de equipamento técnico por parte dos grupos teatrais”, din dende a Deputación. No ano 2020, a Deputación promoveu a través dos circuitos de teatro afeccionado e profesional un cento de actuacións nas distintas comarcas, coa colaboración de concellos e asociacións. Os ciclos incluíron obras de 15 grupos afeccionados e 9 compañías profesionais, contribuíndo a manter a súa actividade nos meses con maior incertidume sanitaria. O ano pasado demostrouse, conxuntamente, que a cultura é segura, aplicando en cada momento as medidas de prevención indicadas.

## Aberto o prazo para solicitar este mes os Bonos Impulso

Abriu o prazo para que a veciñanza da provincia solicite os Bonos Impulso da Deputación de Lugo. A institución provincial repartirá 17.000 descontos nominativos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poderán solicitarse ata o día 21 de xuño e gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano. Con esta medida, que forma parte do Plan Impulso da Economía da Provincia da Deputación, mobilizarase máis de 1,5M€ nos sectores máis afectados pola crise sanitaria grazas ao seu efecto multiplicador.

Na páxina web da Deputación de Lugo habilitarase un espazo no que, durante 15 días hábiles, todos os maiores de 18 anos empadroados na provincia poderán pedir o seu desconto para gastar nos establecementos adheridos do seu concello, unha medida que naceu co propósito de xerar actividade económica nos 67 municipios que conforman a provincia de Lugo. A solicitude realizarase a través da

## Lanzan Coñece a túa provincia, un programa de viaxes gratuítas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa Coñece a túa provincia, unha nova medida que lanza a institución dentro do seu Plan de Impulso da Economía da Provincia e que está destinada a estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalería e o comercio local fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños e veciñas.

A Xunta de Goberno aprobou desenvolver o programa Coñece a túa provincia, e licitar un contrato para a súa execución durante este ano e o vindeiro, con opción de prórroga por outro ano máis, por un importe total que supera os 300.000€.

O presidente explicou que esta nova iniciativa de Deputación está dirixida a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e consiste en viaxes gratuítas en pequenos grupos, dunha xornada de duración, por distintos puntos da xeografía lucense, seguindo diversas rutas.

Segundo avanzou o mandatario pro-



O prazo de inscricións comezará no mes de xullo

vincial, o prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo e as viaxes empezarán na segunda quincena de setembro e continuarán ata novembro. No ano 2022, as viaxes desenvolveranse na primavera (entre marzo e xuño), e no outono (entre os meses de setembro e novembro).

### 4.300 PRAZAS EN 37 ITINERARIOS

En total, entre este ano e o próximo, Coñece a túa provincia ofrecerá pre-

to de 4.300 prazas. As viaxes terán lugar de luns a venres, e contarán con guías profesionais de turismo. As asociacións poderán elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia.

Oito itinerarios son pola comarca da Mariña, que inclúen lugares naturais como o Fuciño do Porco, a Praia das Catedrais ou o litoral focense, pero tamén recursos patrimoniais como a fábrica de Sargadelos ou a Catedral de Mondoñedo.

## Xa se poden presentar as candidaturas aos premios á hostalaría e o turismo

A Deputación de Lugo abre o prazo de presentación de candidaturas para a segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense. O Boletín Oficial da Provincia (BOP) recolleu este mércores 2 de xuño as bases da convocatoria destes galardóns da Deputación, que poñen en valor e visibilizan o traballo e a calidade do sector turístico e gastronómico da provincia. As candidaturas poden presentarse dende mañá ata o vindeiro 2 de xullo, incluído.

Como novidade, na segunda edición destes galardóns, as candidaturas poden presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata, tal e como se solicitou no Consello Provincial de Turismo. Así mesmo, a proposta pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gas-



tronomía a nivel provincial ou nunha zona específica.

Serán nomeados tres premios en cada categoría e será o Consello Provincial de Turismo o que actúe como xurado nunha sesión extraordinaria. Premiarán a singularidade ou a repercusión positiva sobre a imaxe da provincia de Lugo, entre outros factores. As bases tamén recollen que os recoñecementos Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense serán entregados nun acto público, sempre que a situación sanitaria o permita, o vindeiro 27 de setembro, coincidindo co Día Internacional do Turismo.

AGRO

# Terra Chá Sostible denuncia a plantación ilegal de eucaliptos

A asociación Terra Chá Sostible vén de presentar diante da xefatura territorial de Medio Rural e Mar de Lugo dúas denuncias por plantacións ilegais de eucaliptos a unhas semanas de que se produza o veto a esta especie.

As denuncias que presentaron abranguen máis de 64 parcelas e cubrindo máis de 100 hectáreas tan só nos concellos de Begonte, Outeiro de Rei, Lugo, Castro de Rei e Friol. "Por culpa da falla de control por parte da administración, as plantacións ilegais en terras agrarias, as talas das nosas fragas e a roturación e destrución de matogueiras e outros hábitats autóctonos para a súa posterior plantación con esta especie exótica invasora estanse a disparar na comarca", explican dende o colectivo. Engaden que esta situación está a



causar un problema de escaseza de terras para os gandeiros, subindo o prezo das mesmas e facendo que as parcelas existentes estean sufrindo unha excesiva intensificación, con

gran uso de pesticidas e emendas químicas que rematan contaminando as augas e acuíferos. "Tamén se está a dar unha situación paradoxal, xa que detectamos algunhas talas de carballeiras para convertelas en terras agrícolas, mentres que moitas terras agrícolas estánse transformando ilegalmente a eucalipto", din. "O feito de que a Xunta de Galicia acabase de aprobar a Lei de recuperación de terras agrarias e a mal chamada moratoria do eucalipto son indicativos do mesmo problema e a xente que vivimos no rural e do rural podemos ver tódolos días que a eucaliptización da Terra Chá (e de Galicia en xeral) non é xa só un problema paisaxístico, senón que tamén se converteu nun problema ambiental, social e nun futuro converterase nun problema económico", aseguran.

# Abre o prazo das axudas á apicultura

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde da Consellería do Medio Rural que establece o réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura e se convocan para este ano cun orzamento de 724.183 euros. Esta orde virá seguida dunha ampliación presupostaria que elevará o importe global a preto de 1,3 millóns de euros, tras o incremento de

fondos confirmado por parte tanto da Unión Europea como do Estado e da Xunta. Isto supón case o dobre do orzamento do ano pasado, cando a partida total ascendera aos 724.105 euros.

A orde vai destinada tanto a particulares titulares de explotacións apícolas como a cooperativas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con perso-

nalidade xurídica propia. Dispón de seis liñas de subvención diferentes, nas que os custos subvencionables foron pactados co sector: para a asistencia técnica (dirixida só a agrupacións de apicultores), para a loita contra as agresións e enfermidades da colmea, para a racionalización da transhumancia, para medidas de apoio aos laboratorios de análise de produtos apícolas co obxectivo de axudar ás persoas apicultoras a comercializar e a valorizar os seus produtos, para apoiar a repoboación da cabana apícola e para facer seguimento de mercado.

ELISARDO BARCALA

Noites de guiris en Canarias

Web: [www.ebarcala.com](http://www.ebarcala.com)  
Facebook: @ebarcala

# Crianza de coellos

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**A** cría de coello para carne é, hoxe habitual pola nosa zona, a súa carne é moi magra facéndoa ideal para as dietas hipocalóricas e son unha fonte de proteína de moi boa calidade e fainos ideais no concepto de vida da autosuficiencia. Pero os coellos son un animal que se non se ten en conta certas peculiaridades en torno a súa cría e da lugar a escoitar moitas veces frases como "non son capaz de criar coellos, ou sempre me murren".

Primeiro debemos que ter en conta a peculiaridade de que a diferenza dos ruminantes (vacas, ovellas, cabras...) que teñen un estómago composto que saca tódolos nutrientes mediante diversas fases de dixestión e reprocesado da materia vexetal mediante a rumia. Os coellos realizan a fermentación da materia vexetal no cego. Esta fermentación non é tan efectiva como as dos ruminantes así que para intentar mellorar o aproveitamento da materia vexetal, os coellos recorren a cecotrofia que consiste en:

O animal inxire a materia vexetal, con axuda dos seus incisivos, triturado co seus molares, pasa polo estómago glandular similar o noso e logo pasa o cego, no que grazas a bacterias prodúcese

unha fermentación e logo pasa o intestino groso onde se absorben os nutrientes, e logo defécense. Esas feces chámanse cecotrofos e nunca os vemos xa que son inxeridos directamente dende o ano, o reinxerir os cecotrofos, volvese a a facer a dixestión dos mesmos e aproveitase moito mellor, extraendo vitaminas e outros nutrientes semidixeridos. E así vemos as feces finais que son duras e secas e practicamente son só fibra vexetal indixestible. Esta forma de dixestión, fainos moi efectivos aproveitando alimentos moi básicos como a herba seca. Os coellos poden comer calque material vexetal, sempre hai que ter en conta que non debe haber un exceso de humidade polo que é ideal que cando apañemos herba, verzas e demais para darlles de comer, debemos deixalas unhas horas para que perdan parte da humidade. Tamén poden inxerir graos de cereal pero tamén debemos sempre suplementalo con fibra (herba seca, palla) para que poidan realizar a cecotrofia e non haxa problemas dixestivos. A auga sempre debe esta ad libitum (sempre dispoñible) e ser de boa calidade.

Xeralmente criase en gaiolas, pero eso da moitos problemas de feridas nas patas e de benestar animal, o ideal é que estean no chan, con un medio seco (a humidade facilita a presenza de coccidios e logo de diarreas) e que poidan ter sitio para agocharse a escuras e que as femias poidan criar.

constru fer

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO  
PABLO RABADE PAREDES

Saneamietos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

## DEPORTES

# Juan José Vázquez Carreira será o novo presidente do Vilalbés

Juan José Vázquez Carreira, socio número 81 do Rácing Club Vilalbés, será o novo presidente da entidade deportiva tralo proceso aberto este ano para a súa renovación.

Así, a partir do 30 de xuño e durante 4 tempadas, dirixirá os destinos do club. O novo presidente foi presentado na asemblea de socios organizada para tal fin no centro cultural e recreativo.

Os socios do club ratificaron por unanimidade este nombramento que vén a solventar unha situación difícil para o club xa que trala presentación da dimisión da anterior directiva e a falta de candidaturas o club corría perigo de disolución. Deste xeito, Juan José Vázquez Carreira substituirá a



Francisco Ruiz, que foi presidente os últimos oito anos.

**FSF CASTRO.** Manu Lombardía, adestrador do Bloques Cando FSF Castro, continuará ao fronte do equipo feminino de fútbol sala, que pecha unha magnífica tempada. Como avanzou o club "só po-



demos agradecer a Manu toda a labor realizada a pasada tempada e esperamos que esta sexa aínda mellor, tamén agradecerlle todo o cariño e paixón que demostra á familia vermella". Esta non foi a única renovación, xa que continuará tamén no equipo técnico Niky como preparador físico.

# José Cuba, campión de España sénior

José Cuba vén de acadar o seu 17º título de Campión de España sénior no nacional que tivo lugar en Murcia.

O vilalbés pasa por ser o loitador español con máis títulos nacionais a nivel absoluto dominando a categoría dos pesados case que de maneira continua nos últimos 20 anos, fallando á máxima cita estatal en 3 ocasións por mor das lesións.

Lonxe de pensar no retiro, cos seus 40 anos conta con permanecer na competición mentres poda manter a forma física e compaxinar os adestramentos coa súa profesión



de Policía Nacional, aínda que a partir de agora os obxectivos terán unha perspectiva de ano en ano. Neste últimos anos tivo que loitar moi duro para demostrar a uns reticentes técnicos federativos que a idade non era un problema para manterse ao máximo nivel en ciclos de 4 anos logrando impoñerse como unha das mellores bazas españolas na competición internacional.

Hoxe Cuba vese con forza e con compañeiros de adestramento que o poden axudar a continuar na lidia mentres a bioloxía non mande parar

# Prata na Copa do Mundo para seteiros ponteses



Os tres seteiros, durante o torneo

O equipo español de tiro con arco, integrado polos seteiros das Pontes Dani Castro e Miguel Alvariño, e o burgalés Pablo Acha, caeu derrotado esta fin de semana na final da Copa do Mundo de Lausanne (Suíza) fronte a unha sólida selección alemá. Un novo título para o conxunto español que suma ao ouro na Copa do Mundo de Guatemala e certifica o gran estado de forma no que se atopa o equipo cuxo gran obxectivo é lograr un billete conxunto

para competir en Tokio.

Os xermanos dominaron a final desde a primeira tirada e non cederon ningún dos set ata facerse co ouro por 6-0. Os teutóns entraron moi enchufados a esta final e no primeiro set xa se impuxeron por 55-54, e cun solvente 57-55 gañaban o segundo. Xa algo nerviosos os españois, tamén levaron o terceiro por 58-51.

En xuño, Alvariño e Castro foron cuartos en el Campeonato de Europa de Antalya por equipos.



Reunión de responsables do club coa Deputación provincial

# Os clubs recibirán as cantidades pendentes da Copa Deputación

A área de Deportes estableceu as bases da Copa Deputación de Fútbol, que permitirán aboar aos clubs as cantidades correspondentes ás eliminatorias que xogaron antes da suspensión da competición en marzo de 2020.

A declaración do estado de alarma impediu a disputa das semifinais e finais da competición nos termos previstos en edicións anteriores e, polo tanto, que as entidades deportivas recibisen os ingresos correspondentes á súa participación no torneo. O procedemento que se aprobará na vindeira Xunta de Goberno habilitará á Deputación de Lugo para tramitar

o pagamento aos clubs das categorías sénior entre Preferente Autonómica e Terceira Autonómica masculinas ademais de Primeira e Segunda División Feminina.

Efrén Castro reuniuse con representantes das entidades para avanzar os pasos dados pola área de Deportes para cumprir o compromiso adquirido de buscar alternativas para aboar os ingresos previstos. Segundo se establece nas bases, cada club recibirá entre 385 e 600 euros por cada eliminatoria, en función da categoría e a súa condición de visitante ou local nos partidos disputados.

## PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



# Os clubs programan xornadas de portas abertas

Chega o bo tempo e tras a finalización dunha tempada deportiva moi diferente, os clubs queren recuperar folgos e matrícula e abren este ano, en maior ou menor medida, as súas portas para invitar aos pequenos deportistas a coñecer o club e as distintas especialidades deportivas. Cada unha co seu horario e sempre con reserva previa para evitar aglomeracións, xa están en marcha a maioría.

**VILALBÉS.** O Rácing Vilalbés organiza unhas xornadas de portas abertas durante todo o mes de xuño que teñen como obxectivo mostrar a dinámica dos adestramentos das categorías inferiores e reforzar o equipo de cara á próxima tempada. A actividade está dirixida a menores de catro a 16 anos, que corresponden as categorías desde prebenxamín a cadete.

En caso de non ter licenza federativa, tramitarase unha temporal para participar nestas xornadas. Para máis información, pódese chamar ao 661.04.92.70 (Freire).

**DVSPORT.** Tamén durante o mes de xuño, o Lago DVSPORT ofrece adestramentos gratuítos a todos os nenos e nenas que non pertencen ao club.

O obxectivo é ampliar a inscrición de cara á tempada 2021-2022, na que se disputarán as competicións da RFGF. Tamén poderán simplemente formarse na Academia de Tecnificación ou Escola de porteiros sen participar na competición.

Ademais, o club ten previsto potenciar o fútbol sala feminino polo que fai un chamamento especial a estas xogadoras para iniciarse na práctica do fútbol sala. A inscrición está aberta para todas as categorías,

dende iniciación a xuvenil e os interesados poden poñerse en contacto co club no teléfono (tamén por whatsapp) 679371472 ou no mail lagodvsport@gmail.com.

**VILALBA FS.** O Vilalba FS manterá durante todo o mes de xuño xornadas de portas abertas. Así, os interesados poder ver adestramentos ou participar neles previa comunicación á dirección do club nos teléfonos 639 620 978 e 647 917 259. Estas xornadas están abertas a todas as categorías de base tanto masculinas como femininas.

**CAMPUS MIXTO.** Ademais, o Vilalba FS organiza este ano a segunda edición do Campus Mixto, que está convocado para celebrarse entre o 28 de xuño e o 2 de xullo.

Durante este campamento desenvolveranse actividades de fútbol

sala, baloncesto, tenis e moitos outros deportes en xornada continuada de 9.30 a 19.30 horas con comida incluída.

Este campus está dirixido a rapaces e rapazas de entre 6 e 18 anos e os que desexen anotarse teñen aberto xa o prazo. Está organizado por Valdesuso Peugeot Vilalba FS e informará sobre o mesmo todos os martes, xoves e venres no pavillón municipal de Vilalba entre as 18.00 e as 21.00 horas. Tamén ofrecen información nos teléfonos 639 620 978, 647 917 259 e no 628 529 172; ademais de no correo vilalbafs@yahoo.es. O campamento terá un prezo de 180 euros por neno e de 150 para os irmaos.

**CD CASTRO.** O CD Catro pecha o xoves 17 de xuño as xornadas de portas abertas para dar a coñecer o club e a práctica do fútbol a todos

aqueles que queiras achegarse ata o campo municipal Arturo Pereiro. Así, os interesados poder ver adestramentos ou participar neles previa comunicación á dirección do club no teléfono 627 903 692.

Estas xornadas están abertas a todas as categorías de base tanto masculinas como femininas, que teñan como data de nacemento entre o 2015 e o 2003.

**CB AS PONTES.** O Club de Baloncesto As Pontes tamén continúa este mes con estas sesións abertas. Coincidirán cos adestramentos do club e serán os luns, de 17.15 a 19.30 horas; os mércores, de 18.00 a 20.30, e os sábados, de 10.00 a 13.00.

Os interesados en obter máis información poden poñerse en contacto co club no teléfono 639 062 068 preguntando por Julián.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ABADÍN**  
 Concello: 982 50 80 21  
 Garda Civil: 982 50 80 11  
 Centro de Saúde: 982 50 81 22

**A PASTORIZA**  
 Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
 Garda Civil: 982 34 90 20  
 Centro de Saúde: 982 33 21 41

**AS PONTES**  
 Concello: 981 45 31 16  
 Policía Local: 981 45 31 91  
 Garda Civil: 981 45 00 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

**BEGONTE**  
 Concello: 982 39 61 43  
 Garda Civil: 982 39 80 08  
 Centro de Saúde: 982 39 69 02

**CASTRO DE REI**  
 Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
 Garda Civil: 982 31 40 02  
 Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
 Castro de Rei: 982 31 42 11  
 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

**COspeito**  
 Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
 Garda Civil: 982 52 00 17  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
 Feira do Monte: 982 50 34 69  
 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

**FRIOL**  
 Concello: 982 37 50 01  
 Garda Civil: 982 37 50 02  
 Centro de Saúde: 982 37 10 98  
 Cita Previa 982 37 10 05

**GUITIRIZ**  
 Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
 Garda Civil: 982 37 00 01  
 Centro de Saúde: 982 37 21 10  
 Parga P.A.C.: 982 37 05 00

**MEIRA**  
 Concello: 982 33 01 02  
 Garda Civil: 982 33 00 04  
 Centro de Saúde: 982 35 69 27  
 Cita previa: 982 33 02 40

**MURAS**  
 Concello: 982 50 00 01  
 Garda Civil: 982 50 00 20  
 Centro de Saúde: 982 50 01 23

**OUTEIRO DE REI**  
 Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
 Garda Civil: 982 39 00 05  
 Ambulancia: 982 23 16 13  
 Centro de Saúde: 982 39 25 98  
 Cita previa: 982 39 32 67  
 P.A.C.: 982 39 34 00

**POL**  
 Concello: 982 34 50 29  
 Garda Civil: 982 33 00 04  
 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

**RÁBADA**  
 Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
 Garda Civil: 982 39 00 05  
 Centro de Saúde: 982 39 01 01

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**VILALBA**  
 Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
 Garda Civil: 982 51 03 07  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

**XERMADE**  
 Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
 Garda Civil: 982 50 10 08  
 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

**TELÉFONOS DE INTERESE**



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



**+** Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

# COLABORACIÓN

## Perdemos a exclusiva

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Probablemente non existe curruncho neste País onde non se teña producido algún litixio, con pleito incluído moitas das veces, por mor dos marcos das fincas. Afeitos estivemos, e aínda o estamos, a contemplar como veciños se poñían a mal polas lindes das súas leiras. Non hai aldea ao longo de Galicia que escape a estas diverxencias, as cales teñen derivado nalgúns casos en fatais desenlaces. E en todo lugar sempre había alguén que era au-

téntico “experto” na materia, coa finalidade de gañar algún metro máis de terreo, porque todo lle era pouco.

Esa cultura da propiedade tan arraigada que normalmente temos poda que inflúa nese tipo de comportamentos. Así, por un rego o paisano acudía xunto do seu avogado de confianza –ou iso pensaba el- e se tiña que acabar nos tribunais para defender a súa postura, pois facíao, aínda que o custe de todo o procedemento fose moi superior á probable ganancia que se agardaba obter.

Pero toda a terra é país e en tódolos sitios cocen fabas. Quizais nos pareza que no ADN galego vaian eses actos. Pois poda ser que si,

pero vemos que non somos soamente nosoutros. Así, noutras latitudes temos multitude de exemplos, nos que no canto de conciliar, óbtase por dar salto a outros estadios superiores, de consecuencias imprevisibles e polo xeral nada positivas. Se investigamos a fondo no rural asturiano, castelán ou extremeño, abofé que se atoparían similitudes a isto que podíamos pensar que estaba patentado por nosoutros.

Mais recentemente nos medios de comunicación, desde a prensa escrita ata a radio e televisión, fixéronse eco dunha nova protagonizada por un agricultor belga que resultou cómica pola súa espectacularidade. Este home non entrou

en conflito por variar o marco da súa propiedade en detrimento da do que tiña a carón. Nada diso. O amigo en cuestión foi quen de modificar a fronteira entre Bélxica e Francia, arrancando co seu tractor a pedra que sinalaba a liña divisoria de ámbolos dous países, saltando polos aires os acordos establecidos aló polo ano 1820. E non era un simple coio que se pode agarrar nun brazado, senón que era un pedroulo que pesaba 150 quilos. As interpretacións a dita acción, variadas; desde que existía unha firme intención de aumentar a superficie do seu agro, ata que simplemente levou o mollón por diante para poder así maniobrar mellor co seu tractor. O

caso é que o atrevido labrego foi chamado a capítulo, xa que nada máis e nada menos que o seu feito variaba o límite establecido entre estes dous estados membros da Unión Europea. Ben é certo que seica eran pouco máis de dous metros, pero os franceses non estaban polo labor de perder un só centímetro cadrado da súa nación e o bo do home parece que non lle quedará máis remedio que voltar o marco á súa ubicación anterior. Aquí semella que non se producirá un conflito diplomático e solucionarase o asunto.

Sempre se dixo: Un mal acordo é mellor que un bo pleito. Polo que vemos, dous mil quilómetros cara o norte tamén seguen o refrán.

## Quinados, lambetadas e chicoria

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Lembro que o ano 1977 supuxo un punto de inflexión nas nosas vidas. No decurso dun xantar familiar, imaxino que nas datas do Entroido –pois había orellas e filloas de sobremesa- os meus pais comunicáronnos que en poucas semanas mudaríamos de casa, pasando a residir onde anteriormente estivera a tenda do meu avó Mario Xosé, na rúa Xardíns, que fora substituída por un edificio de catro plantas que nada tiña que ver coa morada onde naceran e medraran o Chavito e os seus irmáns na década de 1930.

Os meses seguintes foron de transición, a cabalo entre a nosa vivenda situada enriba do local da Carretera –dende onde podíamos ver pola xanela as ramaxes da Pradia, o bar Caracas e o hostel Venezuela, os comercios de electrodomésticos Naseiro e de tecidos Eliseo Ramil e tamén a xoiería de Víctor Mato- e o novo piso, con amplo balcón, que sería a nosa residencia definitiva a partir de entón. Inicialmente, o cambio foi recibido con ilusión, polo que representaba de novidoso, mais axiña comezamos a botar en falta pequenas e grandes cousas: os aromas da confeitaría e da fábrica de chocolate, o leite fresco que recibiamos cada mañá en botellas de cristal, o bulle-bulle de Sagrario Guntín Currás no ul-

tramarinos, que nos despedía todos os días cun sorriso cando íamos cara á escola, e os paquetes de sándwich Cuétara que nos daba nese intre, recheos de limón, amorodo, nata ou vainilla. O slogan publicitario xa o dicía todo: “Felicidade en cada galleta”. Casualidades da vida, resultou que o xefe de vendas desta marca en Galicia –e interlocutor comercial dos Marios- a finais dos sesenta e comezos dos setenta, era Francisco Jorquera, o pai de Félix –coñecido locutor radiofónico- e de Paco, que na actualidade é un dos concelleiros do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal da Coruña.

Sagrario era curmá do Chavito e sempre foi –e segue a selo- unha muller moi apreciada por toda a familia. Entre as súas múltiples calidades cómpre destacar que daquela era a raiña do mambo no trato cos clientes, especialmente os días de feira, nos que manexaba con mestría e man esquerda a técnica do regateo, á que tan afeitos estaban os numerosos paisanos que viñan mercar dende as distintas parroquias de Vilalba. Observando as súas habilidades como vendedora, coñecemos produtos como a chicoria para o café, os bombóns de licor envoltos en papel de aluminio coas cores dos semáforos, doces e lambetadas de todo tipo e, por suposto, os viños quinados, moi recomendados naquela época para abrir o apetito. Había varias marcas de moito renome, como Quina Santa Catalina e Sanson, pero a máis afamada era



Kina San Clemente. Nas súas mensaxes publicitarias recomendábase subministrar este líquido elemento a nenos e maiores, polas súas propiedades dixestivas como parte dunha dieta saudábel e incluso o seu departamento de márketing creou un personaxe de cómic chamado Kinito, que amosaba poderes sobrenaturais (ao estilo Popeye) cando inxería un grolo de quina. Francisco Ibañez, pai artístico de Mortadelo e Filemón, foi o encargado de debuxar estas historietas infantís que acadaron enorme popularidade entre os máis novos.

De súpeto, todos queríamos ter un boneco de plástico coa súa figura, ao que eu chamaba agarimosamente “o meu macaco”; pero a cousa non era doada, pois para conseguilo era preciso recompilar seis tapóns dos envases do máxico elixir, introducilos nun sobre e envialos por correo ordinario coa seguinte referencia:

“Kinito. Salamanca nº 1. Málaga”. E cando íamos levar o sobre á Oficina Postal, a maior parte das veces atendíanos educadamente o señor Guerrero, aínda que nós preferíamos que o recollera o Quinito (con Q) da Porta de Cima, para por enriba facer a brincadeira, que nunca encaixou mal. E un mes despois de depositalo, recibías puntualmente no teu domicilio a simpática figura do que chegou a ser un dos personaxes infantís máis coñecidos naquel tempo, rematando as súas aventuras de maneira surrealista, pois o Ministerio de Gobernación aplicoulle a Lei de Perigosidade Social por apoloxía do alcoholismo, prohibindo a emisión dos anuncios televisivos que con tanto éxito protagonizaba.

E logo estaba a chicoria, un produto que nos facía moita graza polo nome e que se vendía en paquetes de medio quilo. É unha planta coñecida

dende os tempos remotos polas súas propiedades medicinais, como alimento e condimento. A marca máis demandada polos clientes da Casa dos Marios era La Noria, que tiña a fábrica en Cuéllar, na provincia de Segovia. Sagrario despachábaa ledamente como roscas. De feito, existe unha variedade de chicoria que proporciona un sucedáneo de café que en moitas zonas do rural galego foi máis popular que o tradicional, especialmente durante as crises económicas do século XX. E agora, cos novos costumes alimenticios que recuperan hábitos que aprendemos dos nosos devanceiros, a chicoria encaixa perfectamente no estilo de vida actual, no que buscamos alimentos enriquecidos, que colaboren na mellora da saúde cardiovascular, no tránsito intestinal e non teñan o inconveniente de incluír excitantes. Cousas veredes...

# A trapeira María Antonia de Rato da Tiñaz

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**A** parroquia dos Vilares de Díaz Castro é coñecida en toda a Terra Chá, polas montañas mindonienses, a mariña luguesa, Sarria, O Incio, O Caurel e a comarca entre o Eo e o Navia, pola cantidade de veciños desta parroquia que recorrían todas esas zonas mercando trapos, chatarra e crinas de cabalos e de bestas. Era tal a fama de ser terra de trapeiros que, sendo eu neno, pola festa da Pascua as orquestras tocaban na misa desde un sobrado que aínda hai dentro da igrexa e lembro que un dos músicos, cando viu que había nunha furna da fachada do campanario un San Miguel de granito con unha balanza na man, díxolles aos compañeiros todo asombrado: "Manda carallo! Aquí ate os santos teñen romana".

O de trapeiro, ou trapeira, era un oficio que moita xente doutras parroquias consideraba despectivo. Maiormente, os homes so se dedicaban a el despois de outonar e no tempo de inverno, épocas nas que había menos traballo na casa e as labores propias deste tempo podían facelas as mulleres, salvo que na casa houbera moitos homes e algún deles puidera saír polo mundo adiante en calquera época e sacar uns cartos esenciais para mercar as cousas que non se producían na casa. Moitos pensaban que trapeiro era sinónimo de probe, pero o crego e amigo, Xaquín Campo Freire (Xaquín de Roca), defíneos dun xeito moi fermoso e acertado, afirmando que "o trapeiro non é un empresario, pero é un emprendedor; é probe, pero non un miserento; non é un esmoleiro, é un individuo que sabe o valor do cambio".

O trapeiro sabía distinguir entre valor e prezo, que son dúas cousas ben diferentes, polo que levaba cousas que os paisanos necesitaban e trocábaas por outras que xa non lles servían, pero que logo se reciclaban, dándolles outro valor e outro uso. María Antonia de Rato era solteira e vivía na súa casa natal con seu irmán Xesús e súa cuñada María, que tiñan cinco fillos, cos que xa había xente dabondo para traballar o lugar, polo que ela era unha das veciñas da pa-



arroquia que mais se dedicaba a ese oficio e case sempre andaba polo mundo. Tamén mercou un alboio que había diante da casa e puxo un tear no que traballaba cando botaba unha tempada na casa, tecendo aquelas colchas de trapos de varios cores, que a Agustín Fernández Paz lle representaban os diferentes pobos e culturas do mundo e no que tecía tamén prendas do liño que sementaba súa cuñada María e outras cousas que lle encargaban.

Ao ser solteira case todos os sobriños eran afillados seus, quizais porque era a única que lles podía corresponder con algo dos cartos que facía cos trapos, e proba dilo é que cando se casou meu pai, que tamén era afillado dela, agasallouno con unha vaca que se chamaba Linda e que aínda lembro con moito agarimo.

Cada trapeiro ou trapeira xa tiña en cada lugar que recorrían unha casa fixa na que lle daban pousada e María Antonia por onde mais andaba era pola comarca das Nogais, parando sempre na casa dunha señora que se chamaba Balbina, ou Talbina. No baixo da casa tiñan o bar Losada e tamén unha carpintería na que fabricaban caixas fúnebres.

Normalmente os trapeiros eran apreciados e queridos en todos os sitios polos que pasaban e María Antonia tiña tal confianza naquela casa que lle coidaban o burro coma se fora seu, cando o deixaba alí si viña pasar quince ou mais días á súa casa da Tiñaz. Nesa casa tamén paraba seu irmán Xesús e o seu sobriño, Antonio de Carreira.

Noutra casa das Nogais paraba, ta-

mén Amador, da casa de Calrúa de Malde, outro grande trapeiro, do que aínda hai moita xente desa comarca que se lembra del. Pepe de Agosto era outro dos moitos mais que pasaban por aquelas terras e que ían o bar Losada a tomar algo e xogar a partida.

Vendíalle os trapos (coma case todos os que andaban pola zona) a Francisco Currás, mais coñecido como "O Trapeiro de Lugo", que tiña o almacén no número 64, da que hoxe é a rúa Castelao, xusto fronte ás escaleiras que suben desde a estación do tren. Enviábanlle os fardos polos autobuses de liño, el apuntaba o seu peso e a persoa que llo remitía, e despois, cando pasaba por Lugo facían as contas.


Naqueles tempos de penuria, faltos dunha sanidade pública universal que velara pola saúde de todas as persoas, e coa que hoxe están empeñados en acabar, os cartos gañados nese oficio tamén serviron para salvar vidas, como foi en 1950, cando Serafín, sobriño e afillado de María Antonia, estaba enfermo de tuberculoses e o meu avó materno, que lle foi facer unha visita, coincidiu alí con Don Xesús, o practicante de Guitiriz, e díxolle que en Cuba (de onde facía pouco chegara de vir emigrado) tratábase con penicilina. Don Xesús díxolle que xa o sabía, porque el tamén estivera en Cuba, pero que era moi cara. Entón María Antonia díxolle ao practicante que por cartos que non fora. Trouxéronlle a penicilina e Serafín morreu en Sestao con case noventa anos de idade.

## a elección de...




**Agustín Méndez**  
Concelleiro de Cultura de Meira

un libro




11 poemas da Castelao, de Avelino Díaz

un disco



Calle Mayor de Revólver

unha película



Gladiator de Ridley Scott

un personaxe histórico



Nelson Mandela

un lugar para visitar



Ámsterdam

unha afección



Cociñar

unha comida



Pulpo e churrasco

unha bebida



Cervexa ben fresca

Consulta os eventos en:  
[www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

## TAHONA CURRÁS



### HORARIO



#### San Roque

Lunes a viernes  
8.00 a 14.30  
17.00 a 21.00

Sábados/domingo feira  
08.00 a 14.30

982 510 062

#### Novo Cazón

Lunes a viernes  
9.00 a 14.00  
15.30 a 20.30

Sábado  
09.00 a 14.00

620 417 383

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

## A 'muller orante' de Leandro Seixas



Miriam Fernández

**N**on sempre hai que saír moi lonxe para atopar unha obra de arte nin todas as obras de arte son do tamaño da Catedral de Santiago. Neste caso só tiven que ir ata o moble da miña sala para poder falar dunha peza que dende fai moito me ten fascinada, un regalo para miña nai dunha familia amiga e que gardamos como o tesouro que é: unha pequena escultura dunha muller orante que forma parte da primeira etapa artística do escultor chairego Leandro Seixas.

Nado na parroquia guitiricense

**Leandro ten un estilo contemporáneo case abstracto, cun dominio das formas xeométricas e a predominancia do uso da mármora de cores e o metal**

de Pígaro, Leandro Seixas traballa actualmente no seu obradoiro da Torre (Vilalba) dende onde espalla a súa arte cara o mundo. Licenciado en Belas Artes en 1977 coa especialidade en escultura, traballou coma profesor de



A escultura da muller orante de Leandro Seixas

Ensinanza Media (1979-1982) e, dende os anos setenta ata a actualidade, realizou importantes traballos de restauración tanto dentro coma fora de España, ademais de desenvolver á súa labor como escultor creando as súas obras e dirixindo exposicións tanto individuais como colectivas en galerías diversas (Galicia, Madrid, Barcelona, Italia, Eslovenia, México, Santo Domingo, etc.). Galardoado en diferentes ocasións en concursos nacionais e internacionais que abalan a calidade das súas creacións, tamén logrou posicionar as súas pezas en colección públicas e privadas de moitas partes do mundo (Corea, Turquía, Nova Zelandia, etc.). Como apuntaba nunha entrevista

do xornal O Progreso (xullo 2009) "A arte visual, e en particular a escultura, que ademais de visual é táctil, enténdoa coma unha apropiación do espazo como lugar de reflexión, que no canto de se materializar en palabras ou pensamentos (que tamén), materialízase en formas, en interpretación e expresión da realidade en tres dimensións. Nese xeito, é unha forma universal de entender a arte".

Tecnicamente podemos encadrar as esculturas de Leandro Seixas dentro dun estilo ou arte contemporáneo non figurado (case abstracto), cun dominio das formas xeométricas e a predominancia do uso da mármora de cores e o metal, os cales lle permiten expre-

sarse mediante formas esenciais e liñas máis depuradas. Nembargantes, tal e como el mesmo apunta, nos seus inicios comezou esculpindo con cera e madeira, empregando un estilo realista que formaría a base ou punto de partida no seu camiño artístico.

Neste contexto podemos encaixar a pequena escultura da *muller orante*, tallada en madeira á navalla e na que se aprecia que en orixe se ensamblaron verticalmente dous anacos deste material de distinta cor, cunhas marcas intencionadas e características de desbaste sen alisar e sinatura do artista nun dos laterais da base. A pequena talla representa unha muller axeonllada, coas mans entrecruzadas sobre o colo e a cabeza inclinada, ataviada cunha vestimenta de corte tradicional feminina (saia, mantelo, touca e pano na cabeza). Como foi corroborado fai uns anos nunha conversa persoal co autor, a escultura bebe directamente da influencia de Asorey, recordándonos a súa afamada escultura "Ofrenda a San Ramón", ademais da influencia directa das estampas que el mesmo presenciara daquelas mulleres que acudían ás romarías arredor de capelas e santuarios, realizando os distintos ritos de roga, ofrenda e procesión, moitas delas de xeonllos. Esta figura oferente encarna por tanto a imaxe das mulleres da Galicia rural e tradicional, expresando con só mirala un forte carga emocional e realista, acentuada mediante a pose da cabeza baixa, o corpo encurvado e as mans entrelazadas, nun exercicio de recolleemento no que case nos parece escoitar o bisbar das pre-

garias. Esta pose transmítenos tamén o sacrificio, o traballo de tantas mulleres, a resignación e a carga do peso familiar que estas tiñan que soportar a diario, un sino enfatizado pola relixión e a construción social do "que se agarda delas que sexan", sen cuestionamentos nin desviacións, sen expectativas persoais,

**Pequena en tamaño pero grande en sentimento, esta obra é un claro exemplo da simbiose entre a escultura e o modelado das emocións**

nunha vida de eterna penitencia construída e guiada dende o día do propio nacemento. Mirar para ela sen dúbida evoca para moitos a imaxe da aboa e a nai, despertándonos o desexo de acariñala e aliviala do seu sufrimento.

Pequena en tamaño pero grande en sentimento, esta obra é un claro exemplo da simbiose entre a escultura e o modelado das emocións, transmitidas de forma sutil pero con forte impacto dentro dun traballo artístico de tipo realista, base sobre a que Leandro Seixas construíu o seu estilo evolucionando paulatinamente cara formas máis esenciais, tal e como puidemos apreciar na recente exposición (2020) presentada na Casa da Cultura de Vilalba apoiada polo Instituto de Estudos Chairegos.



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas



## Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05